




Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad
ESPAÑA UNESCO



CONCELLO DE
SANTIAGO

PLAN DE XESTIÓN DA
CIDADE HISTÓRICA DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

P r i m e i r a V e r s i ó n



PLAN DE XESTIÓN DA
CIDADE HISTÓRICA DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

P r i m e i r a V e r s i ó n



Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad
ESPAÑA UNESCO

EQUIPO REDACTOR

Juan Requejo Liberal, director do Plan de Xestión

Francisco Pol, codirector do Plan. Coordinación co Plan Especial

Sonia Lemos, arquitecta. Coordinación operativa

Joaquín Hernández de la Obra, arquitecto, patrimonio cultural

Virginia del Río, coordinación do proceso participativo

Andrea García Guillén, ambientóloga. Investigación social

Rosa Teira, arquitecta, metabolismo urbano

Ramón Rodríguez Franco, antropólogo, investigación social

José Ignacio Macías, economista, turismo

José Belis, economista, economía urbana

Leire Milikua, arquitecta, participación

Antonio Hernández Verges - Rosa Teira, metabolismo urbano e territorial



Ilustracións proporcionadas por **Pablo Tomé**

O presente documento recolle a Fase I do **Plan de Xestión da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (Patrimonio da Humanidade-UNESCO)**. Esta Fase culmina coa elaboración deste documento que se denomina **Primeira Versión**, e que acompañará o documento borrador do Plan Especial da Cidade Histórica na súa primeira fase de tramitación. O propósito desta iniciativa é aglutinar o conxunto das planificacións e decisións relevantes que afectan á Cidade Histórica e, a través dela, á cidade de Santiago de Compostela arredor dunha planificación estratéxica e asegurar a coherencia e cohesión interna dos distintos plans, programas e grandes proxectos que se acometan en Santiago durante os próximos anos.

A elección do Plan de Xestión UNESCO como instrumento de orientación estratéxica integradora xustifícase pola súa proxección cidadá e internacional, así como pola súa flexibilidade para configurar marcos estratéxicos, programas e accións que sitúen a conservación en relación co territorio e con distintos aspectos funcionais, urbanísticos e arquitectónicos, sociais, culturais e económicos, dispoñendo procedementos para a súa monitorización e seguimento.

O perfil do Plan de Xestión debe ser útil para reformular visións de maneira aberta, propoñer modelos de acción innovadores e contribuír ao futuro goberno da cidade, adentrándose, alén da materialidade construída, na calidade de vida dos habitantes, a vivencia dos visitantes e na sostibilidade profunda e vitalidade do espazo histórico, na que a súa relación co territorio é parte esencial. Trátase de fortalecer os valores de autenticidade, permanencia e integridade da cidade histórica, tomando como base a tradición e a historia pero afrontando e resolvendo os retos da cidade contemporánea. Con esta premisa debe ser abordado o asunto patrimonial.

Este documento fixa os compoñentes principais da estratexia de ordenación, conservación e xestión da Cidade Histórica e o seu contorno. Desta forma achega ao proceso de tramitación do Plan Especial o necesario marco para a fase de avaliación ambiental estratéxica e permite desenvolver os contidos para a fase de documento para a aprobación inicial

INDICE

I. O MARCO LEGAL DA PROTECCIÓN	9
A PROTECCIÓN DA CIDADE HISTÓRICA NA ACTUALIDADE	9
EVOLUCIÓN DA PROTECCIÓN.....	16
PERÍMETROS DE PROTECCIÓN	18
XESTIÓN DA PROTECCIÓN	26
NORMATIVA EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL	30
REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DA CIDADE HISTÓRICA 2018	32
II. ENFOQUE E RETOS DA CIDADE VIVA	33
III. PROCESO DE PARTICIPACIÓN	37
PRINCIPIOS	37
REDE DE ACTORES	38
PROCESO DECISIONAL.....	38
PROCESO PARTICIPATIVO.....	38
CONFERENCIA ESTRATÉXICA	42
IV. MEMORIA RESUMO DO DIAGNÓSTICO	53
1 MARCO TERRITORIAL	55
2 METABOLISMO URBANO.....	59
3 DEMOGRAFÍA	68
4 PATRIMONIO	74
5 ACTIVIDADE ECONÓMICA	90
6 EQUIPAMIENTOS E SERVIZOS PÚBLICOS	95
7 ACTIVIDADE TURÍSTICA	98
8 MOBILIDADE.....	106
9 INNOVACIÓN E COÑECEMENTO.....	109
10 DIAGNÓSTICO DAFO.....	114

V. OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS PARA A REVITALIZACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA.121

FINS.....	122
MISIÓN	122
VISIÓN.....	123
VALORES	123
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....	124

VI. INDICACIÓN DA APLICACIÓN DA ESTRATEXIA AOS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS 131

VII. INDICACIÓNS SOBRE AS PLANIFICACIÓNS CONFLUENTE 137

PLAN DIRECTOR DE ZONAS VERDES E ESTRATEXIA VERDE	139
PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO	142

VIII. DIRECTRICES E PROGRAMAS DE ACTUACIÓN SOBRE OS CAMPOS DE ACTUACIÓN 147

HABITABILIDADE.....	148
VIVENDA	149
METABOLISMO URBANO. RELACIÓN CO TERRITORIO	150
REDE DE TELECOMUNICACIÓNS.....	151
ACTIVIDADES PRODUTIVAS URBANAS.....	151
MOBILIDADE	152
SANTIAGO FINAL E PRINCIPIO DO CAMIÑO	152
COÑECER, COMUNICAR E DIFUNDIR O PATRIMONIO	153
ACTIVIDADES CREATIVAS E CULTURAIS.....	154
INNOVACION E COÑECEMENTO.....	154
XESTIÓN DA MARCA SANTIAGO	156
XESTIÓN DE RISCOS E CONTINXENCIAS.....	156

I. O MARCO LEGAL DA PROTECCIÓN

A PROTECCIÓN DA CIDADE HISTÓRICA NA ACTUALIDADE

A cidade de Santiago de Compostela está vinculada indisolublemente ao Camiño de Santiago. Ambos, cidade e Camiño na ruta do Camiño Francés, foron declarados Bens de Interese Cultural en España e están incluídos na Lista de Patrimonio Mundial da Unesco.

En Santiago de Compostela, polo tanto, conviven os ámbitos de protección correspondentes á Cidade Histórica e os correspondentes ás delimitacións dos diferentes Camiños de Santiago.

A PROTECCIÓN DENTRO DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL E CULTURAL DE GALICIA

A regulación estatal vixente está recollida na Lei 13/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, que derroga a Lei do 13 de maio de 1933 sobre defensa, conservación e acrecentamento do Patrimonio Histórico Artístico, vixente durante máis de 50 anos.

A nivel autonómico a aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, derroga a Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia e a Lei 3/1996, de 10 maio, de protección dos Camiños de Santiago, regulación específica para o Camiño.

En aplicación da lei de 1933 e o seu regulamento de 1936, a Cidade histórica fora declarada, xunto a Toledo, Monumento histórico-artístico por decreto o 9 de marzo de 1940 e O Camiño de Santiago Francés conxunto histórico-artístico polo Decreto 2224/1962, do 5 de setembro.

Coa Lei 13/1985, disposición adicional primeira, os bens que con anterioridade foron declarados histórico-artísticos ou incluídos no Inventario do Patrimonio Artístico e Arqueolóxico de España pasan a ser Bens de Interese Cultural (BIC).

A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, clasificaba o patrimonio cultural de Galicia en Bens declarados (bens de interese cultural), Bens catalogados (Catálogo do patrimonio cultural de Galicia) e Bens inventariados (Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia). Dez anos máis tarde, a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, reduce as categorías a dúas, incorporando o inventariado dentro do Catálogo, simplificando en busca de eficiencia e eficacia.

Por tanto, na actualidade ambos son BIC de natureza inmovible, a Cidade Histórica con categoría Conxunto Histórico e o Camiño Francés con categoría Territorio Histórico.

Conxunto histórico: a agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo por interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia.

Territorio histórico: ou ámbito non que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropológico, industrial ou científico e técnico. Lei 5/2016 (artigo 10).

No seu artigo 75, a Lei 5/2016, establece que as rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco han ter a consideración de bens de interese cultural e o resto de rutas, de bens catalogados. Este artigo supuxo a incorporación no rexistro de bens de interese cultural de dúas rutas máis como territorios históricos trala extensión realizada en 2015 do ben “Camiño de Santiago de Compostela” incluído no lista Patrimonio da Humanidade: o “Camiño do Norte da Costa” e o “Camiño do Norte do Interior”, “Camiño Primitivo ou de Oviedo”.

Ademais, ao longo dos séculos XIX e XX declaráronse outros monumentos nacionais ou histórico-artísticos na cidade de Santiago de Compostela, que hoxe son cualificados de BIC coa categoría monumento:

- **1895.** Colexiata de Santa María a Real do Sar, monumento nacional.
- **1896.** Catedral metropolitana de Santiago de Compostela, monumento nacional.
- **1896.** Igrexa de San Francisco de Valdedeus de Santiago de Compostela, monumento nacional.
- **1912.** Capela do Hospital Real de Santiago de Compostela e Igrexa de San Domingos de Bonaval, monumentos nacionais.
- **1931.** Pazo arcebispal de Xelmírez e Hospital Real de Santiago de Compostela, monumentos histórico-artísticos (Tesouro Artístico Nacional)

- **1979.** Mosteiro de San Lourenzo de Trasouto, en Santiago de Compostela, monumento histórico-artístico.

***Monumento:** a obra ou construción que constitúe unha unidade singular recoñecible de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico. Lei 5/2016 (artigo 10).*

Atópanse, por tanto, dentro do Rexistro de Bens Culturais de Galicia, dentro da **natureza inmobile** do municipio de Santiago 16 elementos:

Categoría	Nº
Monumento	8
Conxunto histórico-artístico	1
Xenérica	5
Territorio histórico	2

A Lei 13/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 60) e a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia (art. 109,110 e 111) tamén declaran bens de interese cultural os **Arquivos, Bibliotecas e Museos de titularidade estatal ou autonómica** respectivamente, recollidos no rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, dentro da categoría xenérica. En Santiago de Compostela sitúanse 2 estatais e 3 autonómicos.

Os territorios históricos con parte do seu ámbito no municipio de Santiago son o Camiño Francés e o Camiño do Norte da Costa, pero só o Camiño Francés ten influencia na cidade.

Os bens catalogados inclúense dentro do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia cuxa xestión corresponde á Dirección xeral do Patrimonio Cultural.

Segundo o artigo 20 da citada Lei 13/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, a declaración como Conxunto Histórico obriga os Municipios a “redactaren un **Plan Especial de Protección** da área afectada pola declaración ou outro instrumento do plan dos previstos na lexislación urbanística” cuxa aprobación requirirá informe favorable da administración competente.

A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia volvíu establecer a obrigatoriedade dun Plan Especial de protección para os conxuntos históricos, incluíndo agora os territorios históricos. A súa formalización terá lugar da seguinte forma en Santiago de Compostela:

Plan Especial PE-1. Aprobado en 1997 o “**Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica**”, en revisión na actualidade.

PE-1 R. Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Igrexa, Hospital Psiquiátrico e Mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zona de acceso e núcleos do contorno, aínda non redactado.

Plan Especial PE-3. Plan Especial Director de Ordenación e Rehabilitación do Camiño Francés de Santiago de Compostela aprobado inicialmente en maio de 2005, pero aínda sen aprobación definitiva.

A actual Lei 5/2016 segue incidindo na obriga de aprobación de plans especiais de protección (art 55.) para os conxuntos históricos, o plan poderase estender á súa contorna de protección e zona de amortecemento. Pero para os camiños de Santiago establece un prazo de dous anos para a aprobación do **Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago** previsto no seu artigo 82. O plan será redactado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e aprobado polo Consello da Xunta mediante decreto. Tamén será necesaria a súa valoración previa polo Consello Asesor dos Camiños de Santiago.

Posteriormente, os concellos polos que discorre o territorio histórico que forman os camiños de Santiago, deberán adaptar o seu plan xeral ás previsións e ás directrices contidas no Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago, entre eles o Concello de Santiago de Compostela.



A PROTECCIÓN DENTRO DO PATRIMONIO MUNDIAL

Santiago foi inscrita na lista de Patrimonio Mundial da Unesco en decembro de 1985 coa denominación “Cidade Vella de Santiago de Compostela” (Referencia: 347). O Camiño de Santiago Francés foi inscrito na lista de Patrimonio Mundial da Unesco en decembro de 1993 coa denominación “Camiño de Santiago de Compostela”. En 2015 realizouse unha extensión deste ben, que pasou a denominarse “Camiños de Santiago de Compostela: Camiños Francés e Camiños do Norte de España” (Referencia: 669 bis).

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, na súa disposición adicional sétima, indica que sen prexuízo do disposto na propia lei, as Administracións correspondentes quedarán suxeitas aos “Acordos Internacionais validamente asinados por

España”, e a súa actividade estará encamiñada “ao cumprimento das resolucións e recomendacións que para a protección do Patrimonio Histórico adopten os Organismos Internacionais dos que España sexa membro”.

Deste xeito, ao formar parte do Patrimonio Mundial da Unesco, quedan protexidos a nivel nacional pola lexislación estatal en materia de patrimonio histórico e cultural e a nivel internacional pola **Convención para a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural** adoptada pola Unesco en 1972 e ratificada por España en 1982, o **Convenio Europeo para a protección do patrimonio arqueolóxico de 1992** e a **Convención para a salvagarda do Patrimonio cultural inmaterial** de 2003 tamén ratificados por España.

CIDADE VELLA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ano de inscrición	1985
Referencia	347
Criterios	I, II, VI
Zona central	107.5900 Ha
Zona de amortecemento	216.8800 Ha

**CRITERIOS DE SELECCIÓN DO
PATRIMONIO MUNDIAL**

CRITERIO (i): representar unha obra mestra do xenio creativo humano.

CRITERIO (ii): para exhibir un importante intercambio de valores humanos, nun lapso de tempo ou dentro dunha área cultural do mundo, sobre desenvolvementos en arquitectura ou tecnoloxía, artes monumentais, planificación urbana ou deseño de paisaxes.

CRITERIO (vi): estar asociado directa ou tanxiblemente con eventos ou tradicións vivas, con ideas ou crenzas, con obras artísticas e literarias de importancia universal excepcional. (O Comité considera que este criterio debería utilizarse preferentemente xunto con outros criterios).

**CRITERIOS DE SELECCIÓN APLICADOS A
SANTIAGO DE COMPOSTELA**


CRITERIO (i): Arredor da súa catedral, que é unha obra maestra da arte románica de renome mundial, Santiago de Compostela conserva un valioso centro histórico, coñecido como unha das máis grandes cidades santas do cristianismo. Todas as correntes culturais e artísticas europeas, desde a Idade Media ata os nosos días, deixaron obras de arte extraordinarias en Santiago de Compostela.

CRITERIO (ii): tanto no período románico coma no barroco, o santuario de Santiago de Compostela exerceu unha influencia decisiva no desenvolvemento da arquitectura e a arte, non só en Galicia, senón tamén no norte da Península Ibérica.

CRITERIO (vi): Santiago de Compostela está asociado cun dos temas principais da historia medieval. Desde as beiras do mar do Norte e o mar Báltico, miles de peregrinos que portaban o símbolo da vieira e o bastón do peregrino camiñaron, durante séculos, ata o santuario de Galicia polos camiños de Santiago de Compostela, verdadeiros camiños da Fe.

TEXTO OFICIAL UNESCO

EVOLUCIÓN DA PROTECCIÓN



PLAN DE XESTIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

España ratifica a Convención para a
Protección do Patrimonio Mundial, Cultural
e Natural adoptada pola UNESCO
1982

Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do
Patrimonio Histórico Español
1985

**Cidade vella de Santiago de
Compostela
Inscripción na Lista
Patrimonio Mundial
UNESCO
Decembro 1985**

Lei 8/1995, de 30 de outubro, do
patrimonio cultural de Galicia
1995

Plan especial de protección e
rehabilitación da cidade histórica
PE-1
1997

Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio
cultural de Galicia
2016

**Bases para Plan de
Xestión para a Cidade
Histórica de Santiago
de Compostela
2018**

1987
Camiño de Santiago Primeiro
Itinerario Cultural Europeo

1992
Resolución.
Delimitación do conxunto
histórico do Camiño de
Santiago
(Camiño Francés)

1993
**Camiño Francés
Inscripción na Lista de
Sítios Patrimonio
Mundial da UNESCO**

1996
Lei 3/1996, de 10 maio, de
protección dos Camiños de
Santiago

Lei 8/1995, de 30 de outubro, do
patrimonio cultural de Galicia
1995

2005
Aprobación inicial do
Plan Especial director
de ordenación e
rehabilitación do
Camiño Francés de
Santiago de
Compostela

2011-2014
Delimitacións por Decreto
dos Camiños de Santiago

2015
**Extensión Lista
UNESCO: Camiños de
Santiago de
Compostela: Camiño
francés e Camiños do
Norte de España**

Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio
cultural de Galicia
2016

España ratifica a Convención para a
Protección do Patrimonio Mundial, Cultural
e Natural adoptada pola UNESCO
1982



PERÍMETROS DE PROTECCIÓN

DELIMITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO - ARTÍSTICO

Trala declaración do 9 de marzo de 1940 como monumento histórico-artístico, o ámbito da Cidade Histórica como conxunto histórico modificouse da seguinte maneira:

1964- “Instrucións da Dirección Xeral de Belas Artes para a aprobación de Proxectos de Obras nas Zonas da Cidade de Santiago de Compostela afectadas pola Declaración de Conxunto Histórico-Artístico” (BOE 24.9.196–6). Modifican a delimitación de 1940 e dividen o ámbito da declaración en 3 sectores:


- Zona Histórico-Artística. Perímetro morado.
- Zona de respecto e protección da paisaxe e silueta urbana. Perímetro azul.
- Zonas de ordenación especial. Perímetro Sepia. (Cidade Universitaria e Conxo).


Orde de 30 de abril de 1976 pola que se amplían as zonas monumentais de Santiago de Compostela (A Coruña) (BOE 03.08.1976). Amplíanse os ámbitos de protección ao ter en consideración a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1974.

Amplíase o ámbito da Zona Histórico-Artística. Perímetro morado. Entre outras zonas inclúese o Mosteiro de Conxo, a súa praza e o seu contorno e o núcleo coñecido como Conxo de Abaixo.

Amplíase o ámbito da Zona de respecto e protección da paisaxe e silueta urbana. Perímetro azul.


08/06/1981 Normas de Protección da Zona de Monte Pedroso. Non modifica a delimitación do conxunto histórico artístico. Protéxese para evitar a degradación de parte da paisaxe que domina o Paseo da Ferradura.





DELIMITACIÓN DO PERÍMETRO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

1985- Inscripción na lista de Patrimonio Mundial da Unesco coa denominación “Cidade Vella de Santiago de Compostela”. Establece un perímetro de protección e unha zona *buffer* (ou de amortecemento). O perímetro de protección non se corresponde coa última delimitación do 76, asemellándose máis ao perímetro morado do conxunto histórico-artístico do 64, incluíndo, ademais, Conxo e San Francisco e deixando fóra San Lourenzo. A zona *buffer* tampouco se corresponde co perímetro azul do conxunto histórico-artístico, abrangendo unha superficie inferior.



DELIMITACIÓN DO PERÍMETRO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA

24/03/1997. Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica PE-1.

De conformidade coa Lei de patrimonio histórico español de 1985 e a posterior Lei de patrimonio cultural de Galicia, aprobada en 1995 (Lei 8/1995, de 30 de outubro) que obrigan os concellos a aprobaren un plan especial de protección dos seus conxuntos históricos declarados.

O ámbito do plan ampliase incluíndo zonas do perímetro azul que, segundo

explica o propio documento, “manteñen vínculos parcelarios ou de trazado como parte da cidade histórica, ou presentan valores ambientais ou paisaxísticos que axudan á preservación e lectura do Conxunto Monumental”. Este ámbito supera o perímetro azul non modificado nalgúns zonas, o que supón unha contradición coa súa función como contorno de protección.


DELIMITACIÓN DO PERÍMETRO DO CONXUNTO DE CONXO

A zona de Conxo queda fóra do ámbito do PE-1, correspóndolle o PE-1R. Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Igrexa, Hospital Psiquiátrico e Mosteiro de Conxo cos seus xardíns e horta, zona de acceso e núcleos do contorno con límites que están establecidos no PXOM comprendendo:

- A Igrexa, Hospital Psiquiátrico e Mosteiro de Conxo cos seus xardíns, zonas de acceso á praza e contorno.

- Os núcleos rurais de Campo de Conxo e Conxo de Abaixo cos seus límites de contacto cos sistemas viarios definidos na ordenación do Plan Xeral.

Correspóndese coa zona de ordenación especial establecida nas Instrucións para o conxunto histórico artístico do 64 e a ampliación da zona histórico-artística da Orde de 30 de abril de 1976 pola que se amplían as zonas monumentais de Santiago de Compostela.



Imaxe de planificación de Conxo
Fonte: Plan de Ordenación Municipal
de Santiago

DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

A delimitación das rutas dos Camiños de Santiago é aprobada mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

A partir do ano 2011 foron aprobados varios decretos de delimitación. Os seguintes afectan a Santiago:

- **Decreto 247/2012**, de 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no concello de Santiago de Compostela.
- **Decreto 154/2013**, de 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- **Decreto 110/2014**, de 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

Deste modo queda establecido:

- O trazado do Camiño (Trazado do Camiño, Trazado Complementario e Trazado con vestixios históricos)
- A delimitación territorio histórico do ámbito do Camiño.
- A zona de amortecemento con protección de tipo ambiental.

Estes trazados e ámbitos son os que deben ter en consideración os Plans Especiais de Protección do Camiño Francés derivados da súa declaración como BIC.

Os decretos para a delimitación das outras rutas do Camiño de Santiago non

declaradas Patrimonio da Humanidade e BIC ordenan a súa inscrición coa categoría de territorio histórico, no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e deixan establecido o trazado do camiño e a delimitación do territorio histórico do ámbito do Camiño, que deberán ser incorporados aos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados, pero non inclúen a zona de amortecemento de protección ambiental.



Esta delimitación dun ámbito secundario de protección ambiental no Camiño Francés deriva da inscrición do Camiño na Lista do Patrimonio Mundial e da aplicación de Directrices Operativas de 2008 para a aplicación da Convención sobre a protección de Patrimonio Mundial Cultural e Natural de 1972 ratificada por España, que establecen unha zona de amortecemento equivalente á zona de respecto do ben de interese cultural. O decreto considera “a obriga de preservar a relación harmónica do camiño coa paisaxe, mantendo a relación ambiental co espazo do que resulta inseparable”.

Desta forma tense en conta a consideración dos bens, non coma un elemento illado, senón como parte do seu contorno. Aspecto xa reflectido na **Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español**, no seu Artigo dezasete, onde ten en conta a relación dos conxuntos históricos co contorno ao que pertencen: *“Na tramitación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural dun Conxunto Histórico deberán*



considerarse as súas relacións coa área territorial á que pertencen, así como a protección dos accidentes xeográficos e lugares naturais que conforman o seu contorno.”

E na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia na que se “parte da consideración de que os bens

inmubles non se poden considerar como elementos illados, senón que se entenden integrados nun contexto que é o seu territorio” e crea un novo instrumento, a zona de amortecemento, co obxecto de reforzar a súa protección e as súas condicións de implantación no territorio que se delimitará en función das características de cada ben.



PLAN DE XESTIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



XESTIÓN DA PROTECCIÓN


Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia. A competencia para autorizar obras nos perímetros do conxunto histórico-artístico correspóndelle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia pero coa aprobación do **Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1) en 1997**, o Concello de Santiago de Compostela ten, dentro do ámbito do plan, a competencia de outorgar licenzas urbanísticas sen precisar dunha previa resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; e mediante o **Decreto 199/2012, de 27 de setembro**, de delegación de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia no Concello de Santiago de Compostela, relativas á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello, dispón da competencia dentro do perímetro azul, sendo necesario informe previo da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico. Os elementos declarados con carácter singular bens de interese cultural ou dentro do seu contorno de protección e no edificio do antigo Hospital Clínico de Galeras, son excepcións nesta delegación de competencias. As Intervencións arqueolóxicas no perímetro azul seguirán necesitando autorización da consellería competente en materia de patrimonio.

Conxo, incluído dentro do perímetro morado do conxunto histórico– artístico na ampliación de 1976 e dentro do ámbito declarado Patrimonio da Humanidade non forma parte do Plan Especial de

protección e rehabilitación da Cidade Histórica; correspóndelle un plan especial propio, PE-1R, aínda non redactado, polo que as competencias neste ámbito pertencen á Xunta de Galicia. O seu ámbito, ademais, está incluído dentro da delimitación do camiño Portugués realizada no **Decreto 154/2013**.

Ao non estar aprobado definitivamente o Plan especial PE-3. Plan Especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago de Compostela, o Concello de Santiago aínda non está habilitado para autorizar as intervencións dentro do seu ámbito.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu Artigo 58. Competencias específicas de autorización en áreas ordenadas mediante plans especiais de protección de bens inmobles de interese cultural e o Artigo 82.7 sobre o Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago, exceptúan como competencias dos concellos, “as intervencións sobre os bens singulares declarados de interese cultural dentro do seu ámbito, sobre calquera ben catalogado do patrimonio artístico ou arqueolóxico, así como sobre os que sexan de titularidade da Igrexa católica e para as actuacións de salvagarda que promova a consellería competente en materia de patrimonio cultural”.



RESUMO

PERÍMETROS		NORMATIVA		NIVEL DE XESTIÓN
MORADO	C.H.	PE- 1	Aprobado	Concello / Comisión asesora do patrimonio histórico
	CONXO	PE- 1R	Sen redactar	Xunta / Consello Asesor dos Camiños de Santiago
		Delimitación do camiño Decreto 154/2013		
AZUL		Decreto 199/2012, de 27 de setembro, de delegación de competencias		Concello / Comisión asesora do patrimonio histórico
CAMIÑO FRANCÉS (BIC)		PE-3	Aprobación inicial	Xunta / Consello Asesor dos Camiños de Santiago
		Delimitación do camiño Decreto 247/2012		
CAMIÑOS (CATALOGADOS)		Delimitación dos camiños Decreto 110/2014 e Decreto 154/2013		Xunta / Consello Asesor dos Camiños de Santiago

A COMISIÓN ASESORA DO PATRIMONIO HISTÓRICO

O Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade histórica prevé a figura da comisión asesora do patrimonio histórico para garantir a tutela sobre o patrimonio na Cidade Histórica. O seu regulamento publicouse no BOP de A Coruña nº 35 do 23 de febreiro de 2016.

O alcalde, ou persoa en quen delegue, é o presidente e teñen representación os grupos políticos da Corporación

municipal, o Consorcio, o organismo da Xunta de Galicia competente en materia de patrimonio cultural, a Universidade de Santiago (Historiador/a), o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ademais forma parte da mesma un/unha funcionario/a municipal con competencias na materia e unha persoa profesional de recoñecido prestixio relacionada coas competencias da comisión e que non sexa traballadora municipal.

CONSELLO ASESOR DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

O Decreto 93/2017, de 14 de setembro regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais do Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión

Técnica de Arqueoloxía. O Consello Asesor dos Camiños de Santiago ten competencia dentro do ámbito definido como territorio histórico dos camiños de Santiago.

REAL PADROADO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Real Decreto 260/1991, de 1 de marzo, sobre a organización do Real Padroado da cidade de Santiago de Compostela (BOE 05-03-1991), confírelle a misión de “promover e coordinar todas aquelas accións que deban realizar en Santiago de Compostela as administracións e entidades que o compoñen, dirixidas á preservación e revitalización do Patrimonio Cultural representado pola Cidade de Santiago, nos seus aspectos histórico-artísticos e arquitectónicos, á difusión dos valores europeístas e ao desenvolvemento e potenciación das actividades turísticas e culturais vinculadas ao itinerario xacobeo”.

Está formado polo Goberno de España, Xunta de Galicia e Concello de Santiago. As

atribucións do Real Padroado son:

- a) Promover a execución de obras, servizos e instalacións en xeral, así como a construción e establecemento de medios adecuados de transportes e comunicacións, urbanos e interurbanos, relacionados cos obxectivos do Padroado.
- b) Impulsar a coordinación dos investimentos que se proxecten polas administracións central, autonómica e local, para a realización das obras, servizos e instalacións antes referidas.
- c) Promocionar iniciativas e proxectos culturais dirixidos á potenciación da cidade de Compostela na súa condición de lugar de encontro europeo.

O CONSORCIO DE SANTIAGO

Creouse en 1992 como órgano executor do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela.

NORMATIVA EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL

A NIVEL INTERNACIONAL

- Instrumento de Ratificación da Convención para a salvagarda do Patrimonio cultural inmaterial, feito en París o 3 de novembro de 2003.
- Instrumento de adhesión de España ao Convenio de UNIDROIT sobre bens culturais roubados ou exportados ilegalmente, feito en Roma o 24 de xuño de 1995.
- Instrumento de Ratificación do Convenio Europeo para a protección do patrimonio arqueolóxico (revisado), feito en A Valeta o 16 de xaneiro de 1992.
- Instrumento de aceptación de 18 de marzo de 1982, da Convención sobre a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural, feita en París o 23 de novembro de 1972.
- Instrumento de Ratificación da Convención sobre as medidas que deben adoptarse para prohibir e impedir a importación, a exportación e a transferencia de propiedade ilícitas de bens culturais feita en París o 17 de novembro de 1970.
- Instrumento de Ratificación do Convenio para A Protección dos Bens Culturais en caso de conflito armado, asinado en A Haia o 14 de maio de 1954.

NIVEL ESTATAL

- Lei 16/1985, de 25 de xuño, de patrimonio histórico español.
- Real Decreto 111/1986, de 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 798/1971, de 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico-artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.
- Lei 10/2015, de 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial


A NIVEL AUTONÓMICO

- Decreto 93/2017 do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa.
- Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.
- Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- Decreto 267/2012, do 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo.
- Decreto 247/2012, do 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no concello de Santiago de Compostela.
- Decreto 199/2012, do 27 de setembro, de delegación de competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia no Concello de Santiago de Compostela, relativas á autorización de proxectos no denominado perímetro azul do concello.
- Decreto 144/2012, do 29 de xuño, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino.
- Decreto 237/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, desde a entrada no municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o límite do termo municipal do Pino, coa excepción do tramo entre o lugar de Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino.
- Decreto 430/1991, de 30 decembro. Tramitación para a declaración de ben de interese cultural e creación do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DA CIDADE HISTÓRICA 2018

O Plan Especial da Cidade Histórica está sendo revisado mediante procedemento regulado. No devandito procedemento preténdese actualizar as determinacións do Plan, resolver elementos da ordenación que demostraran a súa inviabilidade no transcurso do tempo,

mellorar determinadas determinacións e revisar a delimitación do ámbito con obxecto de dotar de coherencia a ordenación urbanística e dar resposta a situacións que requirían un tratamento unitario e homoxéneo entre zonas confinantes.



II. ENFOQUE E RETOS DA CIDADE VIVA

A Cidade Histórica de Santiago de Compostela foi declarada Patrimonio da Humanidade en 1985. O Plan Especial, instrumento de ordenación urbanística aprobado en 1997, ten un ámbito máis amplo que o considerado pola UNESCO na súa declaración. O Plan de Xestión, pola súa parte, non se cingue a ningún destes dous ámbitos, posto que no seu enfoque de partida consensuado considera necesario abordar unha reflexión estratéxica, unha visión integral, renovadora que aborde en profundidade os graves problemas de desvitalización que afectan á Cidade Histórica, no seu contexto urbano e territorial.

A formulación deste Plan de Xestión considera un contorno urbano e territorial amplo que incorpore a matriz biofísica da Cidade Histórica, as concas visuais e as complexas relacións urbanas existentes de tipo económico e dotacional, así como as relacións sociais expresadas de diferentes formas, e as estruturas relacionais de


mercadorías, persoas e información. Isto supón ter en conta as zonas urbanas confinantes, Ensanche, Campus Norte e Campus Sur e o resto de espazos urbanos, así como o territorio comprendido entre o Sar e o Sarela, e incluso a Cidade da Cultura e o resto do municipio para determinadas análises. A consideración destas zonas permitirá valorar o papel de cada unha delas na dinámica de fenómenos relevantes da Cidade Histórica e o seu posible carácter de zona de amortecemento, de sostemento, de absorción, ou de calquera outro tipo de función.

Especial importancia debe concederse á relación da Cidade Histórica co ciclo integral da agua e co territorio onde está situada a cidade, mediante os vencellos que representan os camiños tradicionais de acceso aos usos rurais tradicionais e aos leitos do Sar e Sarela.

De igual xeito, debe formar parte das premisas do Plan, das súas bases de partida, a relación de Santiago con territorios próximos, e outros máis afastados, vehiculada polas peregrinacións, a través dos seus Camiños. A Cidade Histórica de Santiago non se entende sen os Camiños.

A reflexión estratéxica, que se pretende formalizar no Plan de xestión, debe partir dos seguintes requisitos:

- Unha **visión integral**, renovadora que aborde en profundidade os graves problemas de desvitalización que afectan á Cidade Histórica e que imprima un novo impulso ao modelo de referencia de conservación que representa Santiago de Compostela.
- Forte **participación** dos axentes sociais no proceso, tanto na planificación como na xestión, considerando os documentos de planificación como contratos-programa subscritos entre os principais axentes sociais composteláns.



- Capacidade de acoplamento entre a **visión estratéxica e a programación de actuacións concretas**, creando un marco eficaz para que os instrumentos urbanísticos e os propios da protección do patrimonio desenvolvan a súa función sen xerar estruturas normativas e burocráticas que se convertan en fins en si mesmas.
- A realización desta iniciativa será enfocada como **plan-proceso** de forma que as actividades de análise e participación se convertan en achegas á planificación estratéxica, que engadan **valor cultural** ao proceso e que sexan factores de cambio. A pretensión é que as actuacións que se executen en desenvolvemento desta planificación sexan continuidade da transformación que se inicia durante o proceso de elaboración do Plan.

Por outra parte, o Plan de Xestión debe responder aos criterios de intervención que propoñen as recomendacións recollidas na Carta de A Valeta de 2010 da Unesco:

- Criterios de **coherencia**, expresados sobre todo na necesidade de concibir os recintos históricos na súa globalidade, e non con perspectivas sectoriais. Nestas Bases dáselles resposta mediante un enfoque integrado.

- Construción do Plan cos principios e metodoloxías das estratexias e programación operativa do **desenvolvemento sostible**. Aplícase a metodoloxía RENOCON¹ baseada en cinco compoñentes do capital territorial e na súa conservación nos procesos produtivos e os ligados ao benestar.
- Criterios de **gobernanza**, que deberán reflectirse a través de marcos e procedementos de concertación entre os diferentes axentes públicos e privados. O proceso de elaboración deste Plan de Xestión foi deseñado cun enfoque participativo e preténdese que o Plan se xeste e xestione nun contorno de diálogo entre os distintos actores, distintos puntos de vista e distintas institucións.
- Criterios **multidisciplinares** e de cooperación nas achegas dos distintos profesionais, persoas investigadoras, etc. con mecanismos de fluidez respecto aos responsables políticos, os distintos axentes sociais económicos e o conxunto da poboación.

Ademais, o enfoque deste Plan de Xestión enfatiza a necesidade de conxugar as estratexias de conservación dos tecidos históricos con criterios específicos respecto ás positivas achegas que podería representar a proxectualidade contemporánea, en todas as súas

¹ Metodoloxía RENOCON presentada en Conama 2016.
[http://www.conama2016.org/web/generico.](http://www.conama2016.org/web/generico.php?idpaginas=&lang=es&menu=406&id=1227&op=view)

<http://www.conama2016.org/web/generico.php?idpaginas=&lang=es&menu=406&id=1227&op=view>

implicacións, sobre a edificación, os espazos libres, a escena, e os elementos urbanos.

O impulso ao proceso parte de toda a información dispoñible no Concello e no Consorcio de Santiago, ademais da xerada no marco da redacción do Plan Especial e outros traballos de análise e planificación

abordados polo Concello ou por outras entidades, como a Estratexia Verde, plans de mobilidade, EDUSI, etc... A partir desta información estanse abordando análises e modelos que responden aos **retos da cidade viva** que se enumeran a continuación.

III. PROCESO DE PARTICIPACIÓN

PRINCIPIOS

O proceso de participación deseñouse e desenvolveuse consonte os seguintes principios:

- a. Construción colectiva da visión común.
- b. Respecto ao esforzo e á contribución.
- c. Proceso de responsabilidade compartida.
- d. Empeño en conseguir que non quede fóra ningún actor relevante.

A participación é froito do traballo conxunto dos actores sociais que, mediante o esforzo e o consenso de todas as ideas propostas, xera un sentimento de responsabilidade compartida cara aos resultados e conclusións obtidas, de forma que cada unha das persoas participantes se sinta representada no resultado final.

REDE DE ACTORES

Unha das claves para o desenvolvemento do Plan foi contar cunha ampla rede de actores cos que se puido traballar nas diferentes accións participativas (grupos focais, conferencia estratéxica, reunións, etc.).

- Partidos políticos
- Xunta de Galicia
- Universidade
- Igrexa Católica
- Empresariado de hostalería
- Empresas innovadoras
- Empresas de actividades culturais e creativas
- Centros tecnolóxicos e de innovación
- Cámara de Comercio
- Sindicatos
- Asociacións veciñais
- Colexios profesionais
- Técnicos/as do Concello
- Técnicos/as do Consorcio
- Expertos/as urbanistas

PROCESO DECISIONAL

O proceso decisional baseouse nunha metodoloxía iterativa de construción de consensos e toma de decisións. Nela, a solución finalmente adoptada establécese mediante unha secuencia de subprocesos iterativos nos que se leva a cabo a fixación de criterios, o deseño e discusión das distintas alternativas e o traballo cooperativo para acadar o consenso entre os actores directamente implicados na toma de decisións. Deste xeito, pódese afirmar que o proceso decisional baséase na progresiva converxencia de posicións arredor dos aspectos clave do Plan.

PROCESO PARTICIPATIVO

O proceso participativo integrou accións de diversa índole enfocadas á construción de consensos e ao traballo para a toma de decisións conxuntas, así como outras de carácter individual pero de valor global ao

Plan como son as achegas recollidas nas entrevistas a integrantes da rede de actores. A continuación, resúmese cada unha das accións participativas levadas a cabo.

REUNIÓN DE GRUPOS FOCAIS

Celebráronse 5 reunións de traballo con metodoloxía de grupo focal na que se reuniu a distintos axentes distribuídos por temáticas de traballo. En total participaron 52 actores-clave.

HABITAR A CIDADE HISTÓRICA

(20 de marzo) Temas focais:

- Dotación de servizos públicos urbanos. Redes e subministracións (enerxía, datos, ciclo da auga, iluminación...).
- Tráfico, estacionamento, adecuación para estancia e accesibilidade, edificios accesibles.
- Equipamentos e dotacións: docentes, saúde, maiores.
- Convivencia coa actividade turística intensa.
- Heteroxeneidade das zonas. Nivel de cohesión social.
- Gobernanza, arraigamento (participación e naturalización dos habitantes).

TURISMO E CIDADE HISTÓRICA

(21 de marzo) Temas focais:

- Relación entre habitabilidade e turismo
- Regulación espazo-temporal. Taxas
- Regulación de vivenda de uso turístico
- Modelo turístico. Diversificación e novas oportunidades
- A dimensión turística da interculturalidade. Relación entre residentes e visitantes

ACTIVIDADES PRODUTIVAS URBANAS

(10 de abril, comercio, ocio, servizos profesionais, etc...). Temas focais:

- Factores de localización de negocios. Dotación de redes de servizos básicos (fibra, estado e condicións de locais, enerxía)
- Modelo de oferta-demanda comercial e de servizos
- Abastecemento comercial
- Gobernanza e consensos
- Mobilidade-accesibilidade

CULTURA E CIDADE HISTÓRICA

(10 de abril) Temas focais:

- Fenómeno Xacobeo e visibilización, diversificación de puntos de atracción
- Xestión e coordinación/colaboración
- Modelo de cultura - identidade e atractivo cultural de Santiago. Actividades culturais
- Novo relato de cidade
- Investigación e divulgación. Valores didácticos da cidade
- Apoio e fomento a artistas e creadores

INNOVACIÓN E COÑECEMENTO

(11 de abril) Temas focais:

- Captación e retención de talento
- Valor da marca Santiago
- Espazos de innovación e coñecemento
- Exemplaridade
- Infraestruturas de servizos
- Coordinación, visibilización e colaboración entre axentes e iniciativas (universidade, administración, centros tecnolóxicos, empresas...)



ENTREVISTAS CON ACTORES RELEVANTES.

Entre outubro de 2017 e abril de 2018, realizáronse un total de 54 entrevistas semiestruturadas a axentes claves de diversa índole: representantes de distintas institucións, técnicos/as urbanistas, persoal docente e persoas expertas en

diversas áreas da Universidade de Santiago, técnicos/as do Concello e do Consorcio, asociacións de veciños, así como outras persoas integrantes da rede de actores.

ESPAZO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

No marco do Plan, creouse un espazo específico de participación veciñal constituído polas diferentes asociacións e plataformas veciñais da Cidade Histórica de Santiago. Nas reunións participou o equipo técnico do Plan e o Tenente Alcalde do Concello, Jorge Duarte.

Cuestionario previo

O cuestionario enviouse o día 10 de abril e solicitouse que se respondese antes do 20 de abril.

Asociacións que responderon ao cuestionario previo:

- Asociación Veciñal Río Sarela de San Lourenzo e Carme de Abaixo
- Espazo Veciñal de Sar
- Asociación Veciñal A Xuntanza
- Plataforma de veciños do casco histórico (que inclúe a Asociación de veciños do Casco histórico, plataforma de veciños das rúas Nova, Vilar, Toural e San Francisco e a Asociación de veciños A Galea da zona de San Clemente, Trindade e Rodrigo de Padrón)

A primeira destas reunións tivo lugar o 11 de abril á que asistiron 7 asociacións veciñais.

- Asociación Veciñal Río Sarela de San Lourenzo e Carme de Abaixo
- Asociación de Veciños Casco Histórico
- Asociación de Veciños A Galea
- Plataforma de Galeras
- Asociación de Veciños As Marías
- Asociación Veciñal A Xuntanza
- Asociación Cultural Barrio de San Pedro

A segunda reunión celebrouse o 14 de maio á que asistiron 6 asociacións, algunhas das cales xa estiveran presentes na primeira reunión.

- Asociación Veciñal A Xuntanza
- Asociación Veciñal Río Sarela de San Lourenzo e Carme de Abaixo
- Asociación de Veciños Compostela Vella
- Espazo Veciñal de Sar
- Plataforma de Galeras
- Asociación de Veciños Casco Histórico

ACTO PÚBLICO EN XUÑO CON RELATORIOS E DEBATE ABERTO

No mes de xuño levouse a cabo un acto público onde participaron varias persoas

expertas como relatores e presentáronse as liñas xerais do Plan de Xestión.

CONFERENCIA ESTRATÉXICA

O 8 de maio de 2018 celebrouse a Conferencia Estratéxica do Plan de Xestión da Cidade Histórica de Santiago de Compostela, evento que reuniu a máis de 70 representantes da rede de actores, representantes institucionais e veciñais, así como persoas expertas en diversas áreas.

O acto tivo un horario comprendido entre as 9:00 e as 17:30, organizado en tres partes cunha interrupción para o xantar:

- Pleno de apertura: presidido polo Alcalde e o Tenente de Alcalde.
- Grupos de traballo: ao longo do día celebráronse oito grupos de traballo con dinámicas diferentes.
- Pleno de posta en común: procedeuse a reunir por segunda vez a todas as persoas participantes para presentarlles as conclusións consensuadas en todos os talleres realizados e, finalmente, procedeuse á clausura do acto.



A continuación, preséntanse as conclusións de cada un dos obradoiros realizados:

CONCLUSIÓN TALLER HABITAR A CIDADE HISTÓRICA

Tanto para a planificación da función residencial como para o resto dos temas clave, débese recoñecer e formular solucións específicas para as diferentes realidades no interior da Cidade Histórica.

As conclusións da conferencia estratéxica consideran este bloque de Habitar como tema-clave central e básico do Plan de Xestión. Así como se considera que o tema-clave Innovación e Coñecemento é a panca de cambio cara o novo modelo de cidade. As orientacións estratéxicas correspondentes a Habitar a Cidade Histórica parten de dúas premisas dun orde superior que se incorporarán á visión e obxectivos do Plan de Xestión. A primeira é “Recuperar poboación residente sacando o máximo partido dos diferentes atractivos e capacidades de acollida na Cidade Histórica” e a segunda é “Consolidar Santiago de Compostela como gran foco xerador, produtor e difusor de cultura en todas as súas vertentes”.

1. A recuperación da vitalidade residencial na Cidade Histórica apoiarse na mellora do calidade de vida como argumento básico para atracción de novos residentes. Este compoñente do benestar inclúe tanto as condicións de habitabilidade dos edificios, as redes e prestacións de servizos de todo tipo, públicos e privados e as mellores condicións no uso do espazo público.
2. Poñer en marcha políticas de vivenda e aloxamentos colectivos que favorezan a captación de novos residentes permanentes ou de estadías de varias semanas ou meses. Incorporar políticas de vivenda e de locais de propiedade ou tutela Pública como un dos instrumentos de esta política.
3. Fomentar as **actividades comerciais e servizos privados de proximidade**.
4. Dotar á Cidade Histórica de **equipamentos públicos e servizos ás persoas**, igualando os niveis de prestacións co resto da cidade e incluso empregando este reforzamento das dotacións como instrumento de captación de novos residentes.
5. Ordenar a **convivencia entre función básica residencial e outras** funcións presentes na cidade: función turística, residencial universitaria, actividades produtivas, servizos...), dando especial importancia á defensa do dereito dos residentes a non estar expostos á contaminación acústica.
6. Reforzar e modernizar as **redes de subministracións e servizos**: enerxía, redes de datos, ciclo da auga e xestión de residuos.
7. Establecer as condicións para que as vivendas e os locais comerciais gocen de mellores condicións de **adequación funcional ás necesidades actuais**.
8. Diseñar un novo esquema de **movilidade e accesibilidade**, específico para a Cidade Histórica, tanto para o seu espazo libre transitable como para os edificios, axeitado á sensibilidade da contorna patrimonial e as condicións particulares do conxunto de residentes.
9. Recuperar e actualizar formas de **gobernanza** que melloren substancialmente a resposta ás necesidades específicas da cidade histórica, que inclúan aos diferentes grupos de interese, que axilien os procedementos de xestión e que respondan aos principios de participación e transparencia.
10. Definir un **modelo de uso do espazo público** que de prioridade á función residencial e que resolva a súa compatibilidade con outras funcións básicas da Cidade Histórica. Sinálanse como cuestións particulares a resolver as molestias derivadas da saturación que se produce puntualmente en determinados momentos y lugares, a regulación do uso da bicicleta e as molestias relacionadas co ruído.

CONCLUSIÓNS TALLER INNOVACION E COÑECEMENTO

A conferencia estratéxica considera este tema-clave como principal panca do cambio cara o novo modelo de cidade.

1. Potenciar unha nova relación entre a Universidade e a Cidade Histórica, mutuamente beneficiosa para ambas, nun contexto de interacción mutua, con distintos axentes do coñecemento que impriman unha dinámica innovadora que aspire aos maiores niveis de calidade. Crear un espazo de relación institucional permanente: **Univerciudad**.
2. O novo concepto de Cidade Histórica innovadora que se propugna debe apoiarse nun “**Sistema Urbano de Innovación de Santiago de Compostela**” (SUIISC) que incorpore distintos axentes do coñecemento, públicos e privados, onde se recoñezan un forte peso as relacións entre as partes (ecosistema), así como con outros sistemas de innovación internacionais. Entre estes axentes recoñécense nun primeiro momento: universidade e os seus institutos de innovación, os centros de investigación singulares, ensinanzas artísticas, gastronomía...
3. Aplicar á Cidade Histórica a **integración entre os principios do coñecemento tradicional e as mellores tecnoloxías contemporáneas dispoñibles** para que Santiago de Compostela se converta en referente dunha cidade ben axustada ao seu territorio e descarbonizada, cunha relación equilibrada co seu medio natural e social, altamente innovadora na relación das persoas coa saúde e cos espazos habitables públicos e privados.
4. Identificar e **concentrar esforzos** en promover ámbitos de innovación e desenvolvemento de actividade económica de especial interese como:
 - saúde e biotecnoloxía,
 - medio ambiente,
 - humanidades e cultura,
 - construción sostible e habitabilidade.
5. A identidade básica do SUIISC conecta coa aspiración da humanidade a xerar novas **contornas saudables, sostibles e equitativas**, para o cal requírese mobilizar un alto nivel de innovación apoiado nas tecnoloxías mais avanzadas (TIC's, materiais, saúde, biotecnoloxía), na historia como fonte de coñecemento e nunha nova relación contemporánea a cidade e os ciclos naturais do territorio.
6. Fomentar a realización de **proxectos exemplares** que desenvolven a condición innovadora e punteira en Santiago de Compostela (SUIISC). As liñas de innovación seleccionadas para o modelo de cidade deben estar sometidas a un alto nivel de esixencia nas distintas accións que se poñan en marcha.
7. Outorgar prioridade na acción pública e na sociedade civil a medidas orientadas á **retención e captación de talento**.
8. Identificar e promover os **atractivos da Cidade Histórica para novos residentes** relacionados coa innovación e coñecemento, asegurar a súa boa xestión e promover a captación.
9. É preciso desenvolver novas fórmulas para adecuar contornas físicas e organizativas que faciliten a **plasmación de creatividade innovadora** entre emprendedores, tecnólogos, creativos e distintos axentes de coñecemento e as súas aplicacións. Para executar esta liña débese contar coa excelente dotación existente de espazos físicos e entidades, recursos que están, en moitos casos, infrautilizados.
10. A consecución de unha cidade histórica innovadora non será posible sen un significativo cambio de mentalidade que priorice a **colaboración e a acción conxunta** sobre os intereses particulares e sobre a mera acumulación de dotacións físicas e institucións. O cambio de mentalidade, ou reforzamento de capital social, debe ir acompañado dun espazo-foro concreto onde se explicita a complexa rede de interaccións existentes ou posibles.
11. Fortalecer **atributos da marca Santiago**, integrando o coñecemento tradicional con novos atributos que incrementen o seu valor a partir da aplicación de coñecemento innovador e excelencia científica.

CONCLUSIÓNS TALLER ACTIVIDADES CULTURAIS E CREATIVAS

A Conferencia Estratéxica considera que “Consolidar Santiago de Compostela como gran foco xerador, produtor e difusor de cultura en todas as súas vertentes” es parte da visión e obxectivos do plan.

1. Potenciar todos os elementos perceptivos e vivenciais de Santiago de Compostela e o seu territorio en relación con todo o que significa os seus **catro elementos básicos de identidade**: a pedra, a madeira, o verde e a auga.
2. Propiciar un **amplo coñecemento da cidade** (patrimonio material e inmaterial do Camiño integrado coa historia da cidade, e os seus elementos perceptivos e vivenciais), achegalo aos seus habitantes (currículo escolar, asociacionismo veciñal...) e mostralo aos visitantes.
3. Apoiar a **actividade de artistas e persoas creadoras** atraendo talento e habilitando espazos colaborativos de carácter transversal onde se desenvolvan este tipo de actividades (como poden ser os de edificios en desuso e os claustros da cidade) fomentando as condicións de interacción entre elas.
4. Adoptar as medidas axeitadas para responder ás necesidades dunha cidade que é un referente mundial para a peregrinación e a súa **dimensión espiritual**.
5. Mellorar a **acolida ao peregrino** e a toda a comunidade de peregrinos mundial; a cidade ao completo, especialmente o centro histórico, como lugar de acolida á comunidade de peregrinos.
6. Propiciar a creación dun **espazo de encontro entre entidades** para coordinar as distintas iniciativas que conflúen na xestión da cultura e o talento creativo da cidade, que conte con competencias e se desenvolva con profesionalidade.
7. Revisar a normativa para **favorecer a práctica de actividades culturais** e permitir a instalación de talleres para artesáns e oficios, deseñadores e makers.
8. Habilitar unha nova forma de intervención sobre o “**espazo cultural de proximidade**” que sexa obxecto de medidas de apoio ás melloras de infraestrutura, rehabilitación e modernización tecnolóxica e á realización de actividades.



CONCLUSIÓNS TALLER TURISMO

O modelo de actividade turística para a cidade histórica parte de potenciar o valor da cidade patrimonial, viva e activa, que acolle a visitantes e peregrinos con gusto e interese, e en lograr un predominio de visitas motivadas polo mellor coñecemento de Santiago, a súa historia, a súa cultura e a súa comunidade, distribuídas de maneira equilibrada espacial e temporalmente e que contribúen ao mellor sostemento do benestar dos residentes e á conservación do patrimonio.

1. **Desestacionalizar** a afluencia para xestionar adecuadamente a Cidade Histórica, seleccionando os segmentos cunha maior propensión á demanda distribuída durante o ano.
2. **Desconcentrar espacialmente** os fluxos, expandindo o espazo da visita básica, mediante a activación de recursos, edificios visitables e actividades que resulten atractivas aos visitantes.
3. O modelo turístico da Cidade Histórica adopta como **segmentos prioritarios**: cultura, reunións (especialmente congresos e convencións) e formación en estancias curtas. En cultura débese reorientar a actividade cara visitas de experiencia densa, con maior participación de produtos experienciais.
4. Fomentar as **industrias creativas, a artesanía e a innovación**, como compoñente de interese para a imaxe e o reforzamento da singularidade da Cidade Histórica.
5. Incentivar un maior **uso de espazos para usos colectivos** en edificios baleiros da cidade, especialmente apropiados para o segmento de educación-formación con estancias curtas e medias na Cidade Histórica de Santiago, reforzando a condición universitaria de Santiago de Compostela.
6. Elaborar un protocolo de actuación ante as **situacións de saturación** que se rexistran puntualmente para ter en conta as necesidades das persoas residentes, contar coa mellor información posible e combinar as medidas de regulación con medidas de fomento de patróns de uso alternativos por parte dos visitantes.
7. Implantar instrumentos de **xestión dos fluxos excursionistas** que reequilibren o balance entre os esforzos da comunidade de residentes (tanto de gasto público como de molestias) e o desfrute dos visitantes.
8. Regulación das **vivendas de uso turístico** atendendo ás diferentes singularidades e situacións tanto en relación coa convivencia como a súa posible contribución ao mantemento de colectivos poboacións de interese na política de vitalización da Cidade Histórica. En canto aos ámbitos da normativa, débese ser rigoroso na aplicación dos mecanismos de inspección e sanción.
9. Fortalecer a **gobernanza** en turismo e seguimento dos principios de participación e transparencia.
10. Garantir a **sostibilidade** da actividade turística limitando os excesos que afectan á vida dos veciños.

CONCLUSIÓNS TALLER ACTIVIDADES PRODUTIVAS URBANAS

1. Definición dun modelo de **función produtiva diversificada** para a Cidade Histórica que considere e optimize todas as oportunidades contemporáneas e tradicionais que este espazo ofrece, con criterios de máxima xeración de renda e emprego, nunha contorna patrimonial singular.
2. Redactar e aprobar unha ordenanza que regule o **uso e ocupación do espazo público** (en terrazas de hostalería, venda ambulante, cartelería publicitaria diversa, etc.) priorizando o valor singular da Cidade Histórica e a súa identidade sobre outros intereses lexítimos.
3. Actualizar un **catálogo de usos en locais, establecementos e edificios baleiros** cun criterio amplo, que inclúa os comercios que desenvolveron a mesma actividade durante o últimos cincuenta anos e deseñar medidas para protexelos e axudalos a manter a súa actividade e boas condicións de funcionalidade.
4. Desenvolver un programa de dotación e mantemento de infraestrutura de **redes de subministracións**, especialmente en materia de fibra óptica, enerxía e auga, que responda a criterios suficientemente acordados entre todos os axentes públicos, privados e sociais.
5. Resolver a regulación da **xestión de mercadorías** mediante un sistema propio que inclúa vehículos eléctricos, regulación de horarios e lugares, e valorar a conveniencia dunha microplataforma loxística urbana, xestionada en réxime dunha actuación de colaboración público-privada.
6. **Ordenar a mobilidade** para mellorar e reforzar de maneira significativa a vinculación da Cidade Histórica co conxunto que conforma Santiago e a súa área de influencia, incluíndo no mesmo o uso da bici vinculado aos usos económicos (repartición e peregrinación).
7. Desenvolver novas formas de **gobernanza** específicas para este ámbito, que conte con medios técnicos e espazo de participación, para dar resposta ás necesidades de axilidade administrativa en locais e espazos públicos, que regule de forma eficaz e operativa a convivencia, os usos e actividades da Cidade Histórica e que fomente a diversificación económica da CH.
8. Xunto coas actividades produtivas urbanas convencionais, debe ser considerada a **universidade** como xeradora de actividades económicas.



CONCLUSIÓN TALLER METABOLISMO URBANO

Para enfocar axeitadamente as orientacións estratéxicas neste tema-clave consideráronse dous grupos: catro orientacións transversais e catro por subsistemas.

Transversais

- T1. Recoñecer a urbe como unha matriz na que o **espazo rural e urbano conviven** de maneira relacional, resulta esencial na abordaxe dos requirimentos metabólicos da cidade.
- T2. Recuperar e aplicar o **coñecemento tradicional** de manexo do territorio nos procesos que rexen o metabolismo “urbano”, aplicando as mellores tecnoloxías dispoñibles ás solucións.
- T3. Cambiar o **patrón de uso** dos distintos recursos, apoiado nunha maior concienciación/educación cidadá, orientada a unha redución do consumo de auga, enerxía e xeración de residuos.
- T4. Favorecer a implantación de **solucións colectivas** que racionalicen o mellor uso e eficiencia dos distintos compoñentes do metabolismo: auga, enerxía, residuos e mobilidade.

Subsistemas

- S1. Recuperar o funcionamento básico do **ciclo integral da auga** na Cidade Histórica.
- S2. Implantar modelos de **funcionamento enerxético** baseados na máxima eficiencia e no aprovisionamento de fontes renovables.
- S3. Favorecemento da posta en **cultivo de espazos aptos** para iso en zonas libres, en patios de conventos e espazos comunitarios e apoio para o seu bo uso e aproveitamento saudable dos produtos.
- S4. Analizar as posibilidades existentes de recuperación da **maior fracción posible de residuos** para a súa reutilización, poñendo en marcha os sistemas de recollida e valorización nos fluxos que resulte viable facelo.



CONCLUSIÓNS TALLER PAISAXE URBANA

1. Nos procesos de rehabilitación das cidades históricas —e en particular no declaradas Patrimonio da Humanidade— foron adquirindo crecente relevancia os enfoques e métodos relacionados coa calidade das paisaxes, polos seus efectos propios, as súas repercusións sinérxicas e a súa capacidade para articular outras liñas sectoriais. Recentes Cartas e directivas da Unesco subliñaron as potencialidades desas estratexias, comprobadas en numerosas experiencias concretas. O Plan Especial e o Plan de Xestión inscribíranse neses perspectivas, desenvolvendo as normas e instrumentos xa presentes no PE de 1997, actualizando as diversas liñas de fomento impulsadas polo Consorcio e o Concello e conformando novos marcos e procedementos de intervención.
2. As estratexias e instrumentos para a valorización das paisaxes deben conxugar as súas tres dimensións fundamentais:
 - a) as súas conformacións “materiais” (escenas edificadas, ambientes construídos, espazos verdes)
 - b) os seus usos sociais (usos da edificación, vida urbana, interaccións sociais nos espazos públicos...)
 - c) os seus aspectos “inmateriais” (significados, sedimentacións de usos ou acontecementos, pegadas e testemuños de modos de vida anteriores, novos referentes da vida urbana actual...)
3. A avaliación xeral das condicións das paisaxes urbanas da cidade histórica ofrece un balance globalmente positivo, obviamente polos seus moi considerables valores herdados, pero tamén pola incidencia das cuantiosas, persistentes e acertadas accións públicas desde os 80, sumadas ás numerosas contribucións de axentes institucionais ou privados. Con todo, poden identificarse aínda deficiencias de distinta índole:
 - A existencia de numerosos edificios deteriorados (na maior parte dos casos tamén desocupados). Este feito ten sobre todo repercusións nos usos e actividades, pero tamén na imaxe da cidade (segundo os traballos de campo do Anteproxecto do PE uns 300 edificios presentan situacións de deterioración, algo máis de 60 en condicións extremas ou de ruína).
 - No que respecta ás configuracións exteriores dos edificios (sobre todo ás fachadas) debe terse en conta a moi numerosa proporción de edificios sen valores, carentes por iso de medidas de protección (uns 1.150, 4 de cada 10 aproximadamente). Moitos deles teñen características “neutrais” pero outros presentan trazos discordantes. Ao proceder na súa maioría dos anos 40-60 do XX, con escasas calidades construtivas, resulta previsible a súa paulatina renovación a medio prazo. Por iso, deberá concederse extrema atención á apropiada regulación dos aspectos compositivos e formais exteriores, en coherencia coas diversas situacións nas paisaxes urbanas, así como ás tarefas das comisións técnicas e culturais ás que se asignen competencias nestes temas.
 - Os numerosos parques e espazos verdes contribúen de modo moi significativo á calidade da paisaxe, así como á riqueza da vida cotiá. Identifícanse con todo algúns problemas puntuais, nas súas interconectividades coas tramas urbanas ou en áreas de “borde”, que requirirían axustes e adecuacións.
 - Os leitos do Sar e do Sarela constitúen elementos substanciais das paisaxes da cidade. Deberán proseguirse as actuacións de cualificación e mellora das ribeiras, fomentando os percorridos peonís e o goce deses lugares, nas súas relacións coas arquitecturas e elementos históricos. Pero deberá atenderse prioritariamente a algúns problemas de base, expresadas por exemplo en ocasionais desbordamentos no Sarela, sucidade e desperdicios, etc.
 - Deberán desenvolverse regulacións normativas, medidas de control e no seu caso medios activos de axudas, dirixidos á mellora das fachadas e espazos libres traseiros dos predios. É importante ter en conta que eses espazos, polas particulares condicións da morfoloxía e da topografía, teñen considerable incidencia na imaxe da cidade.
 - No que se refire aos espazos verdes, deben considerarse as condicións e perspectivas de actuación en As Hortas. O PE vixente cualifica a zona como espazo verde público, asignando a súa obtención ao desenvolvemento de varios sectores urbanizables. Enténdese necesario profundar na reflexión sobre

CONCLUSIÓN TALLER PAISAXE URBANA

os usos públicos ou público/privados potenciais deste espazo, que moi probablemente sitúense nunha perspectiva a medio prazo.

- A calidade urbana e paisaxística das roldas do sur do recinto, desde Virxe da Cerca a Senra, atópase gravemente afectada polo conxectivo tráfico de automóbiles. O seu amortecemento e adecuación coherente para percorridos peonís, deberá constituír un dos obxectivos fundamentais dos Plans de Mobilidade na escala xeral da cidade, xa que eses problemas non poden afrontarse desde as restrinxidas escalas do PE da cidade histórica. O Plan de Xestión deberá coordinarse coas propostas deses novos marcos xerais de mobilidade sustentable.
- O Plan de Xestión deberá contemplar as condicións das contornas do ámbito do Plan Especial do conxunto histórico, mediante recomendacións ou propostas dirixidas ao establecemento de transicións e articulacións, tanto nos tratamentos dos espazos como nas disposicións dos usos e actividades. A necesidade deses esquemas integrados maniféstase por exemplo con especial evidencia no barrio de San Pedro.
- O Plan Especial e o Plan de Xestión deberán contemplar, nos seus distintos alcances e capacidades de instrumentación, recomendacións e medidas para a valorización dos camiños de Santiago, nas súas relacións coa cidade histórica..



CONCLUSIÓNS TALLER XESTIÓN DO PATRIMONIO

1. A xestión do patrimonio residencial, nunha estratexia de acrecentamento dos usos de vivenda e de revitalización demográfica e social.

Esta fundamental liña de actuación debe ter en conta os diagnósticos elaborados polo Anteproxecto do novo PE así como os resultantes de recentes estudos específicos promovidos polo Concello (en particular, sobre a vivenda desocupada e sobre os pisos turísticos irregulares. No que respecta ás condicións dos edificios (uns 2.400) eses diagnósticos poden resumirse, en extrema síntese, nos seguintes aspectos:

- Presenza de numerosos edificios deteriorados (case un de cada dez) na maioría dos casos en graos de deterioración media, pero non poucos –uns 60- con extremas deficiencias ou en ruína.
- É moi probable que se non se abordan políticas públicas activas poidan ir acrecentándose eses problemas de deterioración, sobre todo pola súa relación con situacións de desocupación, tema que despois consideraremos.

No que respecta aos usos, os diagnósticos poden sintetizarse nos seguintes puntos:

- Dos case 8.000 pisos considerados como vivenda en datos catastrais, pouco máis de 4.200 atópanse ocupados efectivamente como vivendas permanentes (isto é, con residentes empadroados). Os restantes atópanse en moi diversas situacións de uso: segundas residencias, alugueres estacionais a residentes non empadroados (sobre todo estudantes), usos vinculados a comercios ou outras actividades de plantas baixas, oficinas ou despachos etc. Dentro desas diversas situacións, en xeral compatibles coa vivenda permanente, foron tomando crecente peso as utilizacións para aloxamento turístico “irregular”, que actúan con efectos negativos sobre a vida residencial. Por outra banda, debe subliñarse a importante presenza de edificios totalmente desocupados (uns 170, a maioría en situacións de deterioración). Ademais, eses datos deben complementarse cos relacionados coa poboación empadroadada, isto é, con vivenda permanente.
- A existencia dunha parte importante de residentes en estratos novos/maduros mostra tamén a continuidade no atractivo do casco como lugar de vivenda. En fin, a notable proporción de estranxeiros empadroados (ao redor dun 10%) procedentes na súa gran maioría de países de altos niveis de desenvolvemento, debuxa outra tendencia, pouco esperada, á revitalización do casco, acorde ademais á “idea histórica” de Santiago como lugar de confluencia.

2. A xestión do patrimonio “inmaterial”

Avaliacións

O Taller dedicou notable atención a eses aspectos, de natureza moi diversa e que requiren por iso distintos medios de conservación e valorización.

Os compoñentes, pegadas e os testemuños do patrimonio “inmaterial” da cidade de Santiago son, como é ben sabido, extraordinariamente amplos. Algunhos deles, como os relacionados co universo da relixiosidade e do determinante papel das institucións eclesiásticas na historia da cidade, contan con soportes moi extensos e sólidos, tanto pola súa forte incidencia “material” na imaxe da cidade como polos seus compoñentes documentais e museísticos, e polas impregnacións nos difusos “imaxinarios” colectivos ...

CONCLUSIÓNS TALLER XESTIÓN DO PATRIMONIO

Desde outras perspectivas, tamén foron e son numerosas as atencións cara aos valores das festividades tradicionais, en concordancia coa gran incidencia deses eventos na complexidade da vida social e nas ricas modulacións da cultura da cidade.

Con todo, foron e son escasas as atencións cara á conservación, documentación e valorización doutros moitos aspectos do patrimonio “inmaterial”, relacionados por exemplo cos modos de vida e de engrenaxes sociais nas etapas precedentes (de fins do XVIII a principios do XX). Os traballos e oficios (co pormenor que recollen os distintos censos –desde o de Floridablanca- aos sucesivos). As relacións entre traballos en actividades artesanais e agricultura. As tarefas de oficios dedicados a obras de “ornato” das institucións dominantes. As primeiras presenza de actividades pre industriais e industriais. A expansión do mundo do comercio, entre o mantemento dos comercios “tradicionais” de a antiga sociedade aos novos establecementos “modernos” da sociedade burguesa de fins do XIX - principios XX...

Indicacións propositivas

As reflexións do Taller respecto ao coñecemento e valorización do patrimonio inmaterial, e en especial dos seus aspectos máis desdebuxados e con maiores probabilidades de esvaecemento, centráronse nos seguintes aspectos:

- a) Tarefas de documentación sobre actividades artesanais tradicionais recentemente desaparecidos ou que se manteñen pero preto da súa extinción (curtidores, prateiros, oficios de forxa ou carpintería etc.). Interese de implementación con actividades de formación profesional.
- b) Protección do comercio tradicional, tanto nos seus aspectos materiais como nas súas actividades. Medidas de conservación e de fomento.
- c) Iniciativas para a documentación da memoria da cidade: recompilación de fontes documentais, verbais, escritas, fotográficas, etc. dentro de campañas de participación cidadá.

Esas distintas aproximacións confluíron nunha proposta: a creación de estruturas para o coñecemento da cidade histórica, que integrasen as compoñentes materiais, urbanas ou construídas, cos moi diversos aspectos “inmateriais”. E entendendo que o seu labor debería dirixirse sobre todo aos veciños de Santiago, en especial aos nenos e novos, tratando de proporcionar á vez marcos de consulta aos investigadores e referencias didácticas aos visitantes.

IV. MEMORIA RESUMO DO DIAGNÓSTICO

A situación posta de manifesto no Diagnóstico realizado no marco da revisión do Plan Especial pon de relevo os bos resultados obtidos por este instrumento; o cal deu resposta ás necesidades de coñecer en detalle e profundidade os valores da Cidade Histórica e os seus compoñentes e logrou conter con diversas medidas as graves ameazas existentes naquel momento en relación coa conservación do patrimonio e a propia singularidade da Cidade Histórica. A combinación dunha ordenación do recinto, coa elaboración dunhas ordenanzas apropiadas, a posta en marcha dunha política proactiva de rehabilitación dotada de coherencia e criterios, xunto coa resposta cidadá favorable á consecución dos logros propostos, xerou unha dinámica positiva de conservación e actualización do valor da Cidade Histórica.

Porén, a dinámica dos últimos anos está rexistrando fenómenos preocupantes que apuntan a unha perda grave de vitalidade da Cidade Histórica.

- a) A Cidade Histórica está perdendo poboación residente, ao tempo que envellece. En 2015 hai 2.000 habitantes menos que en 1986, perdeuse cerca do 20%. Dos 4.200 fogares existentes, case un de cada catro está composto só por maiores de 65 anos.
- b) Unha das causas do abandono da Cidade Histórica está relacionada coa perda de atractivo destes barrios polas dificultades de adecuación da vivenda ás necesidades actuais e pola carencia dalgúns servizos e instalacións. A ausencia de servizo de acceso a Internet de alta capacidade, por exemplo, é un obstáculo importante para moitos fogares.

- c) Estanse perdendo funcións centrais na estrutura urbana que define o conxunto Santiago e o seu alfoz rururbanizado. Reduciuse de forma notable a dotación de comercio de proximidade e especializado. A apertura dos novos espazos comerciais e de ocio, baseados no vehículo privado, están afectando seriamente a viabilidade dos comercios tradicionais e o nivel de afluencia dos composteláns ao seu centro histórico para actividades de hostalería e ocio.
- d) O crecemento da actividade turística experimentado nos últimos anos está rexistrando algunhas disfuncións. Os modelos de visita predominante rexistran unha gran participación da visita excursionista e da visita de curta estancia, con escaso nivel de actividade cultural ou recreativa. Estes modelos xeran patróns de uso caracterizados pola concentración espacial e temporal de fluxos, predominio da visita banal carente de profundidade cultural e experiencias, e unha mala situación na relación entre custos e beneficios sociais, económicos e culturais.
- e) Non se resolveu adecuadamente o encaixe entre a capitalidade galega de Santiago e a Cidade Histórica. Tras máis de trinta e cinco anos transcorridos desde a situación da capital de Galicia en Santiago, non está ben resolto a

integración das funcións centrais na Cidade Histórica.

- f) Como consecuencia de procesos de abandono residencial e a menor ocupación de edificios relixiosos, constátase unha perda de valor actual de moitos edificios, carecen de uso e actividade, poñendo en perigo a súa conservación. Só algo máis do 50% das vivendas rexistradas na Cidade Histórica son vivendas principais; o resto úsanse para aluguer de alta e media rotación, oficinas ou sinxelamente están sen uso. En 2015, das 7.912 vivendas rexistradas, 4.218 corresponden a vivendas principais e estímase que 200 carecen de calquera tipo de uso. Dos 830 locais rexistrados, 230 están sen uso na actualidade.
- g) A Cidade Histórica está perdendo identidade. A singularidade da Cidade Histórica non descansa en exclusiva na imaxe de conxunto dos seus valiosos edificios, nin nos valores construtivos dos seus edificios, na identidade tamén participa a evolución adaptativa, contemporánea do valor social dos seus usos e actividade. Neste aspecto estanse rexistrando deterioracións significativas, tanto pola perda de poboación e actividade, como pola intrusión de usos banais.

1 MARCO TERRITORIAL


Santiago de Compostela é capital da Comunidade Autónoma de Galicia, e como tal, sede das institucións autonómicas coma o Parlamento de Galicia e os complexos administrativos da Xunta de Galicia.

Esta condición como capital recóllese na Lei 4/2002, de 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela e implica unha previsión de financiación específica nos orzamentos da Comunidade que pretende ter en conta os servizos que como capital debe ofrecer.

A comarca de Santiago de Compostela está formada por Ames, Boqueixón, Brión, Teo, Val de Dubra, Vedra e o propio concello de Santiago de Compostela, pero a súa influencia abarca un ámbito maior no territorio como, por exemplo, no caso de Santiago de Compostela como área sanitaria, debe dar asistencia hospitalaria


á poboación dos concellos de Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Dodro, Dozón, A Estrada, Frades, Agolada, Lalín, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, Pontecesures, Porto do Son, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, Rois, Rodeiro, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Silleda, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valga, Vedra e Vila de Cruces.

A Universidade de Santiago de Compostela foi a única en Galicia ata a creación a partir da súa segregación en 1990 de dúas novas Universidades, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo; como consecuencia da aprobación da Lei 11/1989, de 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario en Galicia e o posterior Decreto 3/1990,



de 11 de xaneiro, de Segregación de Centros e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade a Universidade de Santiago de Compostela conta, ademais, cun campus en Lugo; a Universidade da Coruña outro en Ferrol e os campus de Ourense e Pontevedra pertencen á Universidade de Vigo.



2017 POBOACIÓN DO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Poboación total	96.456
de 0 a 15 anos	13.191
de 16 a 64 anos	62.924
de 65 a máis anos	20.341
Poboación estranxeira	3749
Idade Media	44,9

2016 EMPRESAS POR ACTIVIDADE

Agricultura e pesca	262
Industria	483
Construción	970
Servizos	8.130

2017 (decembro) AFILIACIÓNS EN ALTA LABORAL

Agricultura e pesca	437
Industria	2674
Construcción	1713
Servizos	32960

2017 PARO REXISTRADO

Agricultura	90
Industria	402
Construcción	497
Servizos	4.632
Sen emprego anterior	548
Total	6169
Menores de 25 anos	269
Outras idades	5.900

2016 PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL

Nº de persoas beneficiarias

1.395

2017 ENSINANZA NON UNIVERSITARIA EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

Alumnado matriculado en Educación infantil

2.740

Alumnado matriculado en Educación primaria

5.615

Alumnado matriculados en ESO

3.574



2 METABOLISMO URBANO



DATOS DO “SISTEMA DE INFORMACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (SIAM)- CALIDADE DO AIRE URBANO”2015

ÍNDICE DE CALIDADE DE AIRE (ICA)

Días con cualificación ICA
Boa- Santiago- Campus

354

Días con cualificación ICA
Boa- Santiago- San Caetano

363

PRINCIPAIS MAGNITUDES SANTIAGO DE COMPOSTELA

Consumo enerxético final, segundo sector en Santiago de Compostela	1.844.756,77 MWh
- Edificios municipais	0,3%
- Sector residencial	18,6%
- Transporte	39,1%
Servizos (non municipais)	10,6%
- Iluminación pública	0,8%
- Industria	35,4%
Consumo de enerxía eléctrica en Santiago de Compostela	702.422 MWh
Demanda de auga concello	420 l/s

SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

O Concello de Santiago capta a auga para abastecemento do río Tambre e o resto de surxencia de augas subterráneas. Do Tambre obtense unha porcentaxe de entre 78,5% e 84,23% (máis de 6 millóns de m³ / ano) e de fontes e mananciais entre 15,67 y 21,5% (2.540.900 m³/ano). A rede de distribución de auga potable dá cobertura ao 97% da poboación e conta con cerca de 45.000.

O consumo de auga en Santiago sitúase arredor dos 180 litros/ hab/ día, cunha poboación de feito de media diaria cerca de 120.000 habitantes. O consumo de auga está por encima do valor de referencia establecido pola ONU (110 l/hab/ día). Hai marxe de mellora, tanto na redución do consumo coma na mellora da eficiencia do sistema, que ten numerosas perdas, cun rendemento por debaixo do valor de referencia (67,39% vs. 76%).

O sistema presenta o feito ecoloxicamente non desexable dun transvasamento entre concas: a captación de auga faise no río Tambre, mentres que os verquidos van á conca do Sar. Isto ten implicacións para o fluxo da cunca fluvial.

Mananciais. Un número considerable de mananciais no municipio carecen dun nivel adecuado de potabilidade. Isto débese á filtración de contaminantes no subsolo (as perdas da rede de saneamento consideráronse o 3% do total, arredor de 3,05 hm³ en 2003). Polo tanto, establécese a necesidade de garantir que a calidade da auga do nivel freático sexa aceptable.

A rede de distribución de auga potable da Cidade Histórica está en mal estado e ten un deseño inadecuado ás necesidades actuais. En sentido contrario hai que sinalar que existe marxe para a introdución de medidas de reutilización da auga de chuvia, tanto en edificios residenciais como en edificios públicos, en particular escolas, que presentan un potencial para a conciencia cidadá.

Ademais, a rede tradicional de subministración de auga da cidade, baseada na recolección e conducción de auga de mananciais, aínda está presente na cidade. A rede incorpora un sistema de rego dos antigos xardíns que utilizan o excedente de mananciais e as augas de escorrentía urbana.

SANEAMENTO

A situación actual do sistema de saneamento urbano é deficiente. A estación de augas residuais non ten capacidade para procesar o volume de auga (porcentaxe), o que implica que parte da auga se verte sen ser tratada. Un volume importante desta auga provén da escorrentía urbana.

É conveniente, por tanto, aumentar a capacidade de infiltración de auga no espazo urbano.

En 2016 implementouse un novo proceso (Bioactiflo) para os caudais que se vertían sen tratar, o que permite mellorar a súa calidade e aumentar a capacidade da estación de tratamento de Silvouta nun 40%




ZONAS VERDES

A cidade de Santiago ten unha proporción de espazo verde por habitante de 24,94 m². Tendo en conta a incorporación de espazos verdes previstos no Plan Xeral máis os xestionados por outras autoridades (Xunta e Universidade), esta porcentaxe aumentou a un valor de 52 m² de espazo verde por habitante, moi por encima dos 15 m²/habitante recomendados pola OMS.

Á parte das implicacións positivas sobre a calidade do aire e a habitabilidade da

cidade, impón non só importantes retos para a xestión sostible dos espazos verdes, senón tamén a oportunidade de utilizar este capital natural dunha transformación da cidade cara á súa sostibilidade.

A cidade é consciente da potencialidade do sistema de espazos verdes, e isto reflíctese nos diferentes documentos elaborados que tratan de abordar o tema da súa integración cara á sostibilidade.



2.394.036 m²

ZONAS VERDES

>30.000 ÁRBOLES

24,94 m² /hab

+

1 árboles/4 hab

Previsión:

52m² verde/hab

OMS estándar mín:

15m² verde/hab

Fonte: Compostela Verde





O Plan Director de Zonas Verdes e Espazos Públicos de Santiago de Compostela establece unha nova clasificación dos espazos diferentes ao establecido no Plan de Zonificación (urbano, recreativo, suburbano), baseada no seu mantemento e xestión en función da súa contribución aos sistemas verde, espazo público, auga e usos.

2015, PLAN DIRECTOR - CLASIFICACIÓN DOS ESPAZOS VERDES DA CIDADE SEGUNDO MANTENIMENTO E XESTIÓN

FUNCIÓNS ASIGNADAS (DESTACADAS)

Parques Patrimoniais

- aumento do control e infiltración de auga de escorrentía
- recuperación de redes hidráulicas e fontes históricas
- recuperación de auga de edificacións
- fomento da agricultura ecolóxica (hortalizas)

Xardíns Urbanos

- aumento do control e infiltración de auga de escorrentía
- recuperación de auga de edificacións
- fomentar a agricultura ecolóxica e produción alimentaria

Parques Fluviais

- recuperación do caudal natural dos ríos
- establecemento de hortas privadas e públicas...

Parques Transicionais

- fomentar o mosaico forestal

POTENCIAL

Existe potencial para a incorporación de funcións de obtención de enerxía, rexeneración da auga e absorción, ademais da produción de materia orgánica que axuda a cerrar o metabolismo da cidade. Por exemplo, o uso da biomasa xerada a partir do manexo forestal de espazos verdes para a xeración de enerxía, o manexo de lodos da planta de tratamento de augas residuais para uso en terras cultivadas.

XESTIÓN DE SISTEMAS DE PRODUCCIÓN AGRÍCOLA URBANA E MUNICIPAL

- Establecemento dun modelo híbrido de xestión, participado por unha variedade de entidades públicas e privadas co obxectivo de lograr unha xestión adecuada das actividades a implementarse en diferentes espazos verdes urbanos, a investigación, a participación e a representación dos diferentes sectores.

-Así mesmo, propónse a creación dunha Asociación de Produtores Locais, baseada nun sistema cooperativo, que promove o produto de calidade local da área agrícola municipal.

-Potencial da agricultura de proximidade.

-Potencial para a introdución de produtos ecolóxicos nos comedores escolares da cidade.


-Establecemento de canles para a comercialización do produto e relación con outros sectores como o agroturismo que fomenta o patrimonio natural e cultural do municipio.

HORTAS URBANAS

O Concello de Santiago actualmente ten 202 hortos distribuídos en 6 parques do Complexo Histórico. O éxito desta iniciativa reflíctese na adxudicación de todas as hortas e a existencia dunha lista de agarda.

Á parte dos beneficios de promover a cohesión social, complementar a familiar, e o desenvolvemento dunha maior conciencia ambiental, os espazos libres teñen o potencial de formaren un sistema urbano de produción hortícola de proximidade.





Exemplos de hortas privadas
na actualidade e no plano de
1907-1908 de Laforet, Cánovas
e de la Gándara



ENERXÍA

ELECTRICIDADE

Santiago conta con 6 subestacións eléctricas (datos de 1999) a partir das cales se distribúen as diferentes liñas de subministración (superficiais e subterráneas) ao longo do término municipal.

A orixe da electricidade consumida en Santiago e a rexión provén, en gran medida, da producida nas termoeléctricas galegas e nas plantas hidroeléctricas. Nunha proporción menor, provén da enerxía eólica, minihidráulica e outros combustibles como o gas natural ou produtos derivados do petróleo.

No período 1997-2000, o 63% do consumo total de electricidade municipal correspondeu á iluminación pública. Desde 2017, estivo traballando en medidas de aforro de enerxía, como a substitución de puntos de luz, o que favorecerá un aforro considerable.

No mesmo ano, o Concello obtivo a adxudicación dun contrato de electricidade ao 100% cunha garantía de orixe renovable superior ao 50%.

GAS

A rede de gas natural non ten un alto grao de cobertura porque a rede de subministración non chega a todas as parroquias e a área urbana, áreas como a Cidade Histórica, carecen de

infraestrutura. Nestes casos, as subministracións de gas continúan realizándose a través do gas envasado (butano-propano).

CONSUMOS ESTIMADOS 2002

Combustibles líquidos	52%
Gas natural	23%
Electricidade	22%
Gases licuados do petróleo	3%

POTENCIAL

- Establecemento dun plan mestre de infraestrutura que permita unha visión conxunta e solucións personalizadas.
- Estudo determinado e localizado da fonte de alimentación (calefacción urbana?)
- Visión conxunta co sistema de espazos verdes. Xestión de residuos e obtención de enerxía. Biomasa.
- Experiencias profesionais en piscinas e estacións de autobuses para a implementación de paneis solares.

RESIDUOS

O modelo actual de recollida no Concello de Santiago de Compostela é o chamado de catro fraccións, con contedores situados de forma xeral por toda a extensión xeográfica do municipio: Vidro, contedor verde; envases lixeiros, contedor amarelo; Papel e cartón, contedor azul; resto ou rexeitamento. Este xerou retornos positivos para o concello no ano 2017.

Aparte dos catro areas municipais de compostaxe existentes (Selva Negra, Volta do Castro, Costa Vella, Parque de Carlomagno e Brañas de Sar), o concello puxo en marcha en 2017 un proxecto piloto de tratamento descentralizado da fracción orgánica e a súa conversión en compost para o abono das zonas verdes municipais. Componse de 3 illas de compostaxe nos barrios de Santa Marta, Galeras e Salgueiriños.

POTENCIAL

- Optimizar o modelo de xestión de residuos, estendendo a implementación da separación da fracción de residuos orgánicos e a súa transformación en compost.

RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO. ANO 2017

Vidro	20 kg/hab	+40,000€
Papel e cartón	23,5 kg/hab	+65,000€
Envases lixeiros	15,7 kg/hab	+240,000€



3 DEMOGRAFÍA

Entre as datas con datos de referencia (anos 1970, 1986 e 2015) rexistrouse unha caída drástica da poboación no centro histórico de Santiago, desde 14.087 residentes a 12.567 e 10.477 residentes, respectivamente. Esta diminución é do 10,8% no primeiro período (chega ao 36% no recinto intramuros) e do 16,6% no segundo; entre os extremos de datas, a caída de poboación supera a cuarta parte da inicial. Esta circunstancia é relevante desde o punto de vista do uso das edificacións e da perda de dinámica no centro histórico da cidade.

O decrecemento da poboación residente (empadroadada) no centro histórico está relacionado con varias causas, entre elas:


- As altas taxas de envellecemento e sobreenvellecemento: un 23,3% da poboación ten máis de 64 anos e destes, un 54,8% ten máis de 74.
- A dinámica demográfica cunha baixa taxa de renovación (o grupo de 20-29 anos é só o 73% dos maiores de 64).

- Os numerosos estudantes non empadroados.
- O aluguer de pisos a turistas.
- Reconversión de pisos para outros usos.
- Abandono por carencia de dotacións e servizos, como a falta de comercio especializado e de proximidade.

Por outra parte, do ano 1986 ao 2015 rexistrouse unha caída no centro histórico do número de persoas por fogar (de 3,42 a 2,35). Porén, esta caída foi proporcionalmente similar no centro histórico e na totalidade do Concello. Curiosamente, o número de fogares no centro histórico é maior na data máis recente (4.218 fogares en 2015 fronte a 3.677 en 1986), a pesar da caída de poboación, sen dúbida debido ao menor tamaño dos fogares.

CIDADE HISTÓRICA	1986	2015
Pobación. Hab	12.597	10.477
Vivendas	6.717	7.912
Fogares	3.677	4.200
Fogares unifamiliares		1.636
Nº de fogares compostos só por persoas > de 65 anos		1.593

Evolución da poboación residente no centro histórico de Santiago,
anos 1975, 1986 y 2015





Sobre o tamaño dos fogares hai que sinalar que case o 38,8% son unipersoais e o 38% está ocupado por persoas de máis de 64 anos (1.593, dos cales 473 son unipersoais), ambas, taxas sumamente altas. En cambio, en só un 18% do total de fogares viven persoas menores de 15 anos. Esta situación é preocupante para a dinámica futura do centro histórico.

Outros procesos de forte influencia na dinámica do centro histórico con relación á ocupación do patrimonio construído son o aumento dos residentes estranxeiros (sen presenza en 1986 e un 10% en 2015) e a presenza dunha poboación residente en núcleos periféricos pero que traballa en Santiago.

En calquera caso, no mesmo período de case 30 anos non houbo un cambio significativo na relación entre fogares e pisos de vivenda (que se sitúa no 53,4%), é dicir, na proporción de pisos de vivenda realmente ocupados para este uso por persoas empadroadas respecto ao total, que inclúe os desocupados ou utilizados con outros fins, como oficinas, aloxamento turístico, comercio o vivenda de estudantes non empadroados.






CAMBIOS DE RESIDENCIA NA CIDADE HISTÓRICA. 1996-2018

RÚAS PRINCIPAIS DE ORIXE

Nº persoas

- 100 - 150
- 151 - 200
- 201 - 250
- 251 - 500
- 501 - 1168





CAMBIOS DE RESIDENCIA NA CIDADE HISTÓRICA. 1996-2018

RÚAS PRINCIPAIS DE DESTINO

Nº persoas

- 100 - 150
- 151 - 200
- 201 - 250
- 251 - 500
- 501 - 857





CAMBIOS DE RESIDENCIA NA CIDADE HISTÓRICA. 1996-2018

RESIDENTE EN C.H.	PROCEDENTE DO C.H.		
	NON	SI	TOTAL
NON		10.582	10.582
SI	8.012	5.239	13.251
TOTAL	8.012	15.821	23.833

Entre **1996 e 2018** rexistráronse 23.833 cambios de residencia con orixe ou destino na Cidade Histórica de Santiago

4 PATRIMONIO

Unha visión coma a indicada esixe partir dunha reflexión ou entendemento da identidade da cidade desde a súa tradición, para aproveitala e reinterpretala segundo os requirimentos e dinámicas actuais. Este exercicio é especialmente necesario en Santiago, onde a estrutura urbana actual, aínda cun patrimonio con problemas de conservación, expresa visiblemente a xénese da cidade pero o seu funcionamento orgánico, desmembrado das súas orixes e territorio, necesita ser revitalizado.

O núcleo urbano organízase a partir dos antigos camiños de acceso que conflúen na cidade intramuros, a partir dos cales, anos atrás, se producía unha gradación progresiva e de intercambio mutuo entre os mundos rural e urbano. A estrutura do recinto histórico mantén a traza medieval orixinada a partir das direccións que xeran a xeometría dos principais edificios. As construcións da cidade monumental están constituídas por edificios de funcións relixiosas, casas señoriais e palacios, conxuntos universitarios e civís cunha conformación actual que se sitúa entre os séculos XVI e XIX. Tamén hai un extenso e miúdo casarío residencial non exento de interese e, en boa parte, tamén catalogado. Todo isto conforma un patrimonio construído de valor estratéxico no conxunto e con necesidade de valorización.

Os espazos intermedios entre as grandes edificacións deron lugar ás prazas actuais, unha vez reconvertidas, pola escenografía barroca, en espazos públicos singulares e monumentais, cun gran protagonismo na morfoloxía urbana. Tamén hai innumerables praciñas que, malia seren de menor escala, teñen unha entidade esencial na cidade e un gran potencial como espazos de relación, fortalecedores das funcións residenciais, para acoller actividades innovadoras, como claves para a lectura e comprensión da cidade, e como equilibrio na distribución de fitos focais de referencia urbana e desconcentración de fluxos.

Os arrabaldes situados no exterior da muralla e os apoiados nos camiños de entrada son a base dos asentamentos posteriores e de boa parte do crecemento actual da cidade. Nalgunhas destas zonas permanecen certos espazos degradados, principalmente por non estar resolta a confluencia entre áreas construídas e espazos baleiros ou zonas verdes. O equilibrio orgánico e funcional necesario entre os sistemas internos –o recinto histórico- e estas áreas externas é débil.

No esquema xeral sinalado, o parcelario é tamén un criterio fundamental para entender a estrutura urbana e a diversidade da tipoloxía edificatoria e de espazos libres e verdes. O menor ou maior tamaño das parcelas está relacionado, respectivamente, coas áreas máis e

menos colmatadas. O parcelario miúdo está asociado aos terreos edificables contiguos nos rueiros de acceso á cidade, ás áreas medievais intramuros sen transformación ou ás zonas perimetrais inmediatas ao recinto amurallado. As parcelas apoiadas nos rueiros son profundas e están ocupadas por vivendas xeralmente unifamiliares, con arquitectura tradicional aínda que sen gran calidade arquitectónica, deixando atrás espazos baleiros. Estes espazos cultivables poden estar destinados a horto e permiten recoñecer o carácter rural da periferia da cidade; en conxunto con outros espazos fértiles (por exemplo, os contornos do Sar e Sarela), poderían supoñer unha oportunidade de recuperación do sistema autárquico orixinal de Santiago, destacando as súas capacidades ecolóxicas e produtivas. As parcelas pequenas no interior da muralla, ou no seu exterior inmediato, dan lugar a unha tipoloxía diversa de edificacións, sempre compacta e densa, con escasos espazos libres e cunha arquitectura máis urbana e de maior calidade arquitectónica ca no caso anterior.

Respecto ás parcelas grandes (>5.000 m²), de procedencia institucional e eclesiástica, os espazos libres públicos (Belvís, Vista Alegre e A Alameda) e os xardíns e hortos dos pazos, casas señoriais e conventos que as ocupan, poderían contribuír a facilitar, respectivamente, lugares de encontro e relación de veciños e visitantes, e a aproximación a un sistema de economía autosuficiente e circular da cidade, sobre todo pola achega das súas áreas cultivables. Aínda que poucas en número (soamente 38), estas parcelas grandes

ocupan o 44% da superficie, mentres que as pequenas (< 500 m²) ocupan so o 31%, malia supoñer o 88% do número total de parcelas.

Caracterización dos espazos libres segundo as zonas da cidade

Intramuros	▪ Casarío menor: espazos libres privados escasos. ▪ Casarío de maior magnitude: espazos libres axardinados interiores. ▪ Edificación conventual/institucional: patios, claustros, xardíns, hortos ...
Extramuros	▪ Máis ocupación construída pero tamén máis espazos libres e máis amplos.
Zonas periféricas	▪ Hortos particulares individuais.
Crecementos recentes	▪ Diversidade e, nalgúns casos, incorporación ao espazo público.

Hoxe permanecen e dan estrutura á cidade histórica os edificios emblemáticos, o parcelario, os espazos libres, públicos ou privados, boa parte da rede viaria e os fitos territoriais como os leitos do Sar e Sarela, grazas a unha evolución urbana de poucos cambios, sen grandes reformas estruturais. En cambio, a morfoloxía das edificacións e os servizos tiveron variacións notables ao longo do século XIX, cando foron substituídos ou

reformados o 25% dos edificios de vivendas e construída a infraestrutura para a auga, saneamento e electricidade, antes inexistente.

Ata a metade do século XX, practicamente non houbo crecementos periféricos aínda que, a final do século pasado, a edificación xa se multiplicara por cinco respecto a aquela data, seguindo dinámicas construtivas comúns a outras cidades españolas. A relación entre a cidade intramuros e os crecementos posteriores ou o territorio circundante prodúcese a partir dos camiños de acceso citados que, aínda que permiten unha boa intervisibilidade interior-exterior,

perderon boa parte da súa capacidade de articular o mundo rural e urbano. A cidade antiga relaciónase co seu alfoz por medio dos rueiros de acceso, os barrios periféricos, as ribeiras do Sar e Sarela... dando lugar a un contorno cuxo patrimonio, de carácter rural, con pegadas de muíños, curtidurías e outras antigas instalacións industriais ou agrícolas, complementa o propio da cidade monumental pero mantense dissociado dela.

OS ELEMENTOS DO PATRIMONIO

Santiago é unha cidade monumental que se asocia aos edificios e prazas emblemáticas máis coñecidos. Porén, un entendemento da cidade no seu conxunto debe facerse de maneira integrada, recoñecendo que hai elementos patrimoniais menores que son claves tanto na historia como na súa función actual, buscando e recuperando as relacións entre o núcleo urbano e o seu territorio, valorando o uso actual e estado de conservación do patrimonio,

analizando a vitalidade da cidade, e pescudando co fin de que poida ser un exemplo inspirador o funcionamento da cidade na Idade Media como un sistema autárquico.

Resúmese na seguinte táboa as características do patrimonio construído da cidade histórica segundo se clasificaron e analizaron no borrador do Plan Especial.

Edificacións residenciais antigas	Casarío menor	▪ Configurado a partir de reformas de edificios existentes seguindo ordenanzas e regulacións do século XVIII e XIX. ▪ Aliñacións para regularizar o espazo público. ▪ Suprímense os corpos voados sobre a rúa. ▪ Suprímense algúns soportais. ▪ Susbtitución da madeira pola pedra nas fachadas. ▪ Obriga de chemineas. ▪ Ocultación de desaugadoiros e instalación de caleiros e baixantes de pluviais. ▪ Fachadas con composicións académicas. ▪ Galerías nas plantas superiores.
	Casas señoriais e pazos	▪ Ata o século XVII casas torre illadas. Século XVII: renovación de antigas casas señoriais. Poucos xardíns e configuración compacta. Superficie construída entre 1.200 e 2.400 m². Tres plantas. Fachadas con organización xeométrica.
Edificacións con contidos funcionais relixiosos	Conventos e mosteiros	▪ Estrutura actual configurada nos séculos XVI y XVII. Reformas adicionais no XVIII. ▪ Exemplos: Mosteiro de S. Paio, de Belvís, S. Francisco, Carme de Arriba e de Abaixo, S^{to} Domingo de Bonaval, Sto. Agustiño... ▪ Esquemas morfolóxicos comúns: igrexa, claustro, espazos colectivos e de servizo e hortas.
	Templos e capelas	▪ Reconstruídos nos séculos XVII y XVIII. ▪ Exemplos: - Intramuros: S. Bieito, As Ánimas, S. Fiz, S^{ta} María do Camiño, S^{ta} M^a Salomé. - No exterior, nas inmediacións do recinto: S. Froitoso, Virxe do Pilar. - Arrabaldes: S. Pedro, N^a S^{ra} das Angustias, S^{ta} María do Sar, S^{ta} Susana. ▪ Plantas exteriores rectangulares de dimensións moderadas.
	Conxunto da Catedral	▪ Monumento central, relevante e fundamental na estrutura urbana. Enmarcado polas principais prazas: Obradoiro, Quintana e Praterías.
As estruturas universitarias		▪ Os colexios históricos teñen estruturas claustrais coma o colexio de San Xerome e o de Fonseca (século XVI). ▪ A finais do XIX e principios do XX creáronse novas facultades como a de Medicina, Hospital Clínico e a Escola de Veterinaria. ▪ Residencia de Estudantes, construída no século XX.
Edificios asistenciais e hospitalarios		▪ Hospitaliño de S. Roque (s. XVI), Hospital dos Reis Católicos (reformado nos ss. XVIII e XX), actualmente Parador Nacional de Turismo.

Edificacións cívís antigas con distintas tipoloxías	Edificios cívís	Teatro Principal (s. XIX), Casino (s. XIX), Recreo Artístico e Industrial, hoxe desaparecido, os cafés.
	Tipos particulares	O Mercado de abastos (s. XX), dentro do recinto.
Edificacións recentes	Dotacionais culturais	- Rehabilitáronse antigos edificios. - Tamén se recorreu a novas construcións, pola súa particularidade funcional, pola dispoñibilidade de terreos... Moitos deles encargados a arquitectos relevantes constituíndo unha boa mostra de arquitectura contemporánea.
	Tipos residenciais	- Situados en adicións de antigos rueiros e nas roldas. - Modalidades tipolóxicas diferentes, mantendo parcelario preexistente o con nova implantación. - Vivenda plurifamiliar.

Respecto aos tecidos residenciais, boa parte da arquitectura doméstica común ou de carácter popular da cidade histórica de Santiago procede dos procesos de reforma interior derivados das ordenanzas de 1780 (e as regulacións de 1907). Os tipos edificatorios resultantes teñen boas condicións para as adaptacións funcionais necesarias na actualidade grazas ás súas dimensións, disposición de ocos, ventilación, sistema construtivo, posición de escaleiras, etc.

Aínda así, no interior do recinto histórico, moitas edificacións poderían presentar serias limitacións de adaptación, ao teren superficies moi pequenas en planta (nalgúns casos, inferiores a 30 m²), só aptas para vivendas unifamiliares en dous andares ou oficinas, e estaren en parcelas de escasa fronte e gran profundidade. Emporiso, os edificios de vivenda plurifamiliar (de finais do século XIX e principios do XX: Nova, Vilar, Hortas, Caldeirería...) teñen boas condicións ou

facilidade de adaptación para as necesidades actuais de uso residencial ou, nas plantas baixas, de comercio ou servizos. Estas condicións son importantes para o posible fortalecemento da función residencial.

Nos arrabaldes, tamén existen problemas variados de adaptación, por razóns dimensionais, segundo zonas. Así, por exemplo, recoñécense insuficiencias por superficies reducidas, fronte estreitas, fondos grandes ou unha escasa ocupación en planta respecto ás dimensións de parcelas. Polo seu interese debido ao espazo libre, é notable o caso das mazás da rúa das Hortas, algunhas das cales deixan no interior das parcelas grandes baleiros, antes destinados a hortos e algúns aínda en cultivo, os cales limitan a edificabilidade pero poden representar unha oportunidade para contribuír ao autoabastecemento da cidade.

As dificultades enunciadas para algunhas edificacións, tanto do recinto coma dos arrabaldes, requirirían análises e solucións particularizadas, de carácter normativo, para facilitar a adaptación das vivendas ás necesidades domésticas actuais. Pero quizais os maiores problemas para a adaptación destas zonas residenciais proveñan da carencia de certas dotacións como aparcadoiros, comercio de proximidade, etc. Os barrios periféricos confinantes co centro histórico presentan dificultades de articulación, de relacións funcionais e mobilidade co recinto central.

Entre os elementos relevantes do patrimonio tamén destaca, como se dixo, o conxunto de grandes prazas e praciñas. Estes espazos libres son unha oportunidade como espazos de relación da veciñanza e dos visitantes e a súa lectura intencionada no plano da cidade facilita o entendemento da súa evolución, configuración e evolución histórica.



Os espazos libres máis relevantes en Santiago de Compostela


Prazas singulares	▪ Obradoiro ▪ Quintana de Vivos ▪ Praterías
Prazas de menor escala	▪ San Martiño Pinario ▪ Cervantes ▪ Santo Agostiño ▪ Fonseca ▪ Mazarelos ▪ Toural
Parques e xardíns públicos históricos	▪ Alameda ▪ Belvís ▪ Bonaval ▪ Vista Alegre ▪ Finca do Espiño ▪ Paseo fluvial do Sarela

O conxunto dos espazos urbanos inclúe, ademais das prazas históricas, determinadas intervencións recentes de mellora do espazo público realizadas desde final do século XX. Entre elas poden salientarse actuacións coma as das rúas do Galo, Campo de Santo Antonio, Poza do Bar, Espírito Santo, Basquiños, Costiña do Monte, do Medio, San Pedro, Praza de Marcial Villamor e Praza de San Clemente, zona de Costa do Gato, Raxoi ou Belvís, entre outras.

Para completar o sistema de espazos libres, Santiago conta cun conxunto extenso e diverso de espazos verdes (o Plan Xeral contabiliza 24 unidades como dotación local ou xeral), públicos e privados, de superficies e orixes moi variables. Estes parques, xardíns, hortos, ribeiras e espazos abertos de parcelas particulares son moi escasos na área intramuros, debido á densidade e

colmatación da edificación nesta zona (agás os interiores nos conxuntos conventuais), pero, a medida que se toma distancia do recinto histórico poden acadar superficies moi extensas e, en conxunto, representan unha proporción sumamente significativa da área da cidade. A repercusión destas zonas verdes na paisaxe de Santiago é enorme e, como pasaba cos espazos libres urbanos, constitúen unha característica identitaria de extraordinario protagonismo na cidade, aínda sabendo que algunhas delas son xardíns ou hortos privados sen acceso público e, en moitos casos, ocultos ao viandante. Pero máis alá do seu impacto

na morfoloxía e paisaxe urbana e da xenerosa dotación para o entretemento e a relación dos habitantes, unha boa parte destas áreas verdes podería adquirir funcións para a autosuficiencia da cidade e de recuperación ou mantemento do arraigamento dun sistema tradicional de produción e de afección co territorio, especialmente no caso de solos fértiles potencial ou actualmente cultivables.



A SITUACIÓN DO PATRIMONIO. O CATÁLOGO

O inventario de bens catalogados que contén o anexo III do borrador do Plan Especial da Cidade Histórica de Santiago inclúe os seguintes tipos de bens:

Tipo	Anteriores	Novos	Total
ARQUITECTÓNICOS			
Nivel de protección integral	-	-	56
Nivel de protección estrutural	-	-	379
Nivel de Protección ambiental	-	-	1.409
ESTRUTURAS URBANAS			
Elementos construtivos individualizados			
Muros con presenza no espazo público	46	6	52
Chemineas (de edificios non catalogados)	39	4 desaparec	39
Patíns	12	1	13
Mobiliario urbano	16	0	16

Tipo	Anteriores	Novos	Total
Instalacións e obras públicas	8	1	9
Ornamentos conmemorativos			
Heráldica e selos	16	0	16
Cruceiros	14	2	16
Arte pública			
Fontes	35	0	35
Estatuaria	7	9	16
Arborado e vexetación singular			
Arborado en parcelas privadas	60	0	60
Arborado en parcelas públicas	7	0	7
Xardíns en parcelas non catalogadas	19	0	19
Hortas en parcelas non catalogadas	7	0	7


Tipo	Anteriores	Novos	Total
Espazos protexidos			
Espazos urbanos	7	3	10

Tipo	Anteriores	Novos	Total
Parques e xardíns	5	0	5

BENS DE INTERESE CULTURAL

Santiago ten declarados 9 bens de interese cultural (BIC), unha cifra reducida dado o valor monumental do centro histórico e en relación a outras cidades

históricas españolas. Ademais, dentro do contorno Catedral-Hospital Real o borrador do Plan Especial identifica 16 edificios adicionais de interese.



BIC DE NATUREZA INMOBLE (Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia)

Núm. RBIC	Núm. BIC AGE	BIC	Categoría	Data
-----------	--------------	-----	-----------	------

BIC EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

BIC.000.002	51-0000071-00000	Colexiata de Santa María a Real do Sar	Monumento	14/08/1895
BIC.000.003	51-0000072-00000	Catedral metropolitana de Santiago de Compostela	Monumento	22/08/1896
BIC.000.005	51-0005026-00000	Igrexa de San Francisco de Valdedeus de Santiago de Compostela	Monumento	26/08/1896
BIC.000.007	51-0000125-00000	Capela do Hospital Real de Santiago de Compostela	Monumento	20/12/1912
BIC.000.008	51-0000126-00000	Igrexa de San Domingos de Bonaval	Monumento	30/12/1912
BIC.000.018	51-0000538-00000	Pazo arcebispal de Xelmírez	Monumento	03/06/1931
BIC.000.023	51-0000543-00000	Hospital Real de Santiago de Compostela	Monumento	03/06/1931
BIC.000.062	53-0000003-00000	Conxunto histórico de Santiago de Compostela	Conxunto histórico	09/03/1940
BIC.000.344	51-0004356-00000	Mosteiro de San Lourenzo de Trasouto	Monumento	27/04/1979

CAMIÑOS DE SANTIAGO DECLARADOS BIC

BIC.000.098	53-0000035-00000	Camiño Francés	Territorio histórico	05/09/1962
BIC.000.678	-	Camiño do Norte da Costa	Territorio histórico	04/05/2016
BIC.000.679	-	Camiño do Norte do Interior, Camiño Primitivo ou de Oviedo	Territorio histórico	04/05/2016

BIC incoados

Tipo inmovible	Tipo BIC	Número	Tipo inmovible	Tipo BIC	Número
EDIFICACIÓN			ESPAZOS LIBRES		
Conventos	Monumento	14	Espazos libres	Sitio histórico	5
Igrexas		11	POSIBLES BIC		
Pazos-casas		5	Pazos-casas	Monumento	10
Muralla		1			

ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

O patrimonio de Santiago de Compostela inclúe obras de arquitectura contemporánea relevantes.

Algunhas áchanse situadas, integradas e en diálogo co do ámbito histórico. Como exemplos o centro social da Trisca de John

Hejduk, o Centro Galego de Arte Contemporánea de Álvaro Siza, ou o antigo edificio do Banco de España, na Praza de Praterías de Manuel Gallego Jorreto.



USOS E ESTADO DAS EDIFICACIÓNS

USOS DOTACIONAIS

No centro histórico de Santiago hai un total de 116 edificios destinados a equipamento con distintas funcións. Máis da metade son edificios históricos (52,6%). A seguinte táboa cuantifica os edificios por cada tipo de dotación.

Edificios dotacionais no centro histórico de Santiago

Equipamiento	Nº de edificios	Nº edificios históricos
Institucional-Administrativo	11	4
Sanitario-asistencial	9	3
Sociocultural	26	15
Educativo	32	12
Dotacional multiúsos	16	6
Relixioso	22	21
Total	116	61




USOS DE VIVIENDA

Do total de edificios residenciais existentes no centro histórico, o 45% é de vivenda unifamiliar e o 55% plurifamiliar, sendo un 8% as que teñen 6 ou máis

vivendas. As vivendas adoitan ser de pequena superficie, agás, naturalmente, os pazos, casas señoriais e vivendas da sociedade estamental.

Porcentaxe de edificios segundo o número de vivendas que albergan



Número e características dos edificios residenciais no centro histórico de Santiago de Compostela, 2015

Edificios vivenda unifamiliar

- Nas agregacións periféricas
- Espazos libres traseiros
- Oportunidade de compatibilización de vivenda e traballo
- Algúns con posibilidades de ampliación
- Propiedade unitaria

Edificios vivenda plurifamiliar

- No recinto intramuros e agregacións lineais
- Propiedade horizontal




USOS PRODUTIVOS

Os edificios con usos non residenciais son o 16,1% do total. Os usos residenciais referidos no gráfico seguinte, que supoñen o 83,9% restante, son exclusivos ou predominantes, é dicir, non exclúen

aqueles edificios residenciais que teñen uso terciario na planta baixa, sendo as superiores residenciais. 826 edificios están nesta situación (gráfico inferior), é dicir, sobre a terceira parte do conxunto dos edificios residenciais.

Porcentaxe de edificios segundo o uso



Número de edificios segundo usos

Con usos residenciais	2423	83,87%
Mixtos (terciarios/residencial)	130	4,50%
Usos terciarios exclusivos	67	2,32%
Usos dotacionais exclusivos	158	5,46%
Usos hoteleiros exclusivos	111	3,84%
Total edificios	2889	


Fonte: Traballo de campo 2017 e Catastro. Revisión do Plan Especial da Cidade Histórica

ESTADO DOS EDIFICIOS


Do total de 2.414 edificios residenciais, 497 teñen un estado deficiente (malo, regular e abandonado), e supoñen o 20,6% do total. Deles, 330 (66,4% dos edificios en mal estado) áchanse protexidos. Hai que destacar, dentro das cifras anteriores, a considerable

porcentaxe de edificios abandonados, o 7,2%, dos cales a totalidade presentan deficiencias no seu estado de conservación e, porén, máis do 70% están protexidos. Estas cifras denotan problemas de conservación, unha perda de valor nos edificios ou, o que é o mesmo, un nivel apreciable de destrución do patrimonio.

Estado de conservación dos edificios residenciais, 2015



Situación de protección en edificios en estado deficiente



A situación que expresan os gráficos anteriores podería deteriorarse aínda máis dada a idade alta da poboación residente e a ocupación frecuente de vivendas por persoas que viven soas co

que a dinámica podería tender ao aumento do abandono de vivendas. Outra conclusión é que os instrumentos de protección non están asegurando a conservación dos edificios.

PATRIMONIO INTANXIBLE

Entre a gran variedade e riqueza dos compoñentes do patrimonio intanxible de Santiago de Compostela, destácanse tres:

- Modelo tradicional de metabolismo urbano
 - As peregrinacións.
 - Manifestacións culturais.
- a) O valor do coñecemento asociado ao metabolismo tradicional de Santiago de Compostela, a forma na que a cidade obtiña a auga, a enerxía e a alimentación, o sistema de eliminación de residuos, son fontes de inspiración para un dos grandes retos da humanidade neste século: a descarbonización das cidades. Na contorna inmediata da cidade hai un patrimonio que permite reconstruír a lóxica da implantación baseada nos recursos do territorio.
- b) O valor intanxible das peregrinacións históricas, e a súa revitalización contemporánea, outorgan unha importancia universal a este patrimonio intanxible. A integración entre Santiago, final e principio do Camiño, cos diferentes itinerarios e os seus significados: cidade fin do mundo, finisterrae, peche polo oeste de euroasia, foco de espiritualidade e tolerancia nas diferentes formas de expresión do sagrado, etc....
- c) Santiago é un gran xerador de actividades culturais e de actividades creativas. Este valor patrimonial maniféstase nos eventos organizados de moi diverso tipo e na vitalidade das manifestacións creativas de diversos ámbitos culturais. Neste sentido, destacan tanto as iniciativas cidadás, como o labor de formación e sensibilización e xeración de material de entidades relevantes como a Universidade de Santiago ou o Consorcio de Santiago. Modelo tradicional de metabolismo urbano



5 ACTIVIDADE ECONÓMICA

A actividade económica do Concello de Santiago de Compostela está protagonizada, claramente, polo sector servizos, que representa máis do 87% dos 12.125 establecementos empresariais existentes no municipio segundo os últimos datos dispoñibles no IGE (2016). Entre as actividades de servizos destacan


os establecementos de venda polo miúdo (30%), as actividades profesionais (16,6%) e a hostalería (11,6%). En relación ao emprego, hai que sinalar que son o comercio e a hostalería, xunto á educación e á sanidade os que xeran o maior número de empregos no Concello.

ESTABLECEMENTOS EMPRESARIAIS SEGUNDO ACTIVIDADE 2016	Nº	%
Total Santiago de Compostela	12.125	100,0
2 Industria, incluída a enerxía	515	4,2
<i>B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS</i>	5	1,0
<i>C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA</i>	459	89,1
<i>D PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO</i>	35	6,8
<i>E PRODUCCIÓN DE AGUA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN</i>	16	3,1
3 Construcción	1.048	8,6
<i>F CONSTRUCCIÓN</i>	1.048	100,0
4 Servizos	10.562	87,1
<i>G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS</i>	3.100	29,4
<i>H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO</i>	532	5,0
<i>I HOSTALERÍA</i>	1.225	11,6
<i>J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS</i>	332	3,1
<i>K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS</i>	331	3,1
<i>L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS</i>	411	3,9
<i>M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS</i>	1.750	16,6
<i>N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DE SERVIZOS AUXILIARES</i>	519	4,9
<i>P EDUCACIÓN</i>	529	5,0
<i>Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS</i>	735	7,0
<i>R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO</i>	358	3,4
<i>S OUTROS SERVIZOS</i>	740	7,0

Fonte: IGE. Explotación del directorio de empresas y unidades locales

O traballo de campo realizado para a revisión del Plan Especial da Cidade Histórica, contrastado cos datos catastrais, sinala que o 83,8% dos edificios

teñen uso residencial, distribuíndose o resto entre usos mixtos ou exclusivos doutros usos.



Entre os que teñen uso non residencial (locais en planta baixa), hai que sinalar que o 21,8% están baleiros, aínda que revisións posteriores elevan esa


porcentaxe ata o 27%. O resto de actividades que ocupan ditos locais son comercios (48,3%), establecementos de hostalería (24,4%) e oficinas varias (5,5%)

Actividades non residenciais			
usos plantas baixas comercios	510	61,74 %	PECH vixente
usos plantas baixas hostalería	258	31,23 %	PECH vixente
usos plantas baixas oficinas	58	7,02 %	PECH vixente
nº total de locais en plantas baixas	830		
nº locais baleiros	230		
nº locais baleiros na Améndoa	125		

Fonte: Revisión Plan Especial da Cidade Histórica

As principais actividades que se localizan nos locais comerciais da Cidade Histórica están relacionadas co turismo (aloxamento e hostalería), o comercio (fortemente orientado ao turismo tamén) ou os servizos administrativos e

profesionais. O mapa adxunto presenta a distribución espacial e funcional das principais actividades identificadas mediante traballo de campo nos baixos comerciais da Cidade Histórica.



En xeral, detéctase unha perda de vitalidade comercial na Cidade Histórica, especialmente en canto á redución do número e diversidade de actividades presentes na zona, que se corresponden pola contra cunha crecente concentración de servizos administrativos e profesionais, e dunha forte acumulación de establecementos ligados ao turismo nalgúns zonas que provoca episodios de saturación espazo-temporal das mesmas.


Entre as causas que explican a perda de dinamismo estaría a caída da rendibilidade de determinadas actividades comerciais na zona ante a perda de poboación que vén rexistrando a cidade histórica nos últimos anos e a competencia crecente das superficies comerciais de tamaño medio que captan

boa parte da demanda de consumo das persoas residentes.

A distribución espazo-funcional das actividades non é homoxénea, concentrándose os de hostalería e comercio na zona central mentres que o aloxamento se distribúe algo máis respecto das zonas centrais. Especial relevancia alcanzan nesta zona os establecementos relacionados coa hostalería e o lecer, coincidindo coas zonas de maior frecuentación de turistas e excursionistas, malia que os locais de hostalería son utilizados tanto polas persoas residentes na cidade histórica, coma por residentes noutras áreas da cidade e por visitantes.

Neste sentido, cómpre sinalar a forte concentración de establecementos dunha mesma actividade que se producen nalgúns zonas, como é o caso das rúas

do Franco e a Raíña, onde un 80% dos locais de negocios están dedicados á hostalería. Unha situación similar estase a producir na rúa de San Pedro.



O maior número dos espazos baleiros corresponde a locais pequenos fóra dos circuítos turísticos habituais. A zona sur da améndoa central, presenta procesos frecuentes de rotación comercial por cambio de actividade, o que pon de manifesto a dificultade de rendibilizar determinadas actividades económicas en dito espazo, ante o elevado prezo dos alugueres e a estacionalidade da demanda. A zona norte, pola súa parte, está dominada por edificios monumentais, onde hai unha menor presenza de comercios nas plantas baixas.

A análise pormenorizada das actividades económicas presentes na Cidade Histórica pon de manifesto algunhas características da actividade alí desenvolvida, que pode resumirse en:

- Déficit de tendas de alimentación na zona intramuros. Presenza principalmente de panadarías.
- Concentración de tendas de recordos (*souvenirs*) na zona próxima á Catedral, relacionados cos percorridos turísticos, principalmente na rúa San Francisco, rúa do Franco, Acibechería e Nova.

- O comercio de orientación turística responde a diferentes pautas, sendo a maioría tendas de recordos de baixo custo, xunto a establecementos especializados en produtos de calidade (xoiaría, artesanía) o en gastronomía local-rexional, dando resposta con iso ás demandas dos diferentes perfís de visitantes da cidade, cun gasto medio diario en destino moderado.
- Os establecementos comerciais de moda-téxtil e/ou calzado concéntranse nas tradicionais rúas das Orfas, Caldeirería, Preguntoiro e Algalia de Arriba, aínda que a súa presenza está en claro retroceso, deixando lugar a outras actividades.
- Tamén son frecuentes na zona locais de servizo ás persoas (perrucarías, estética, etc.), así como oficinas empresariais, farmacias e ópticas, despachos profesionais (xurídicos, consultas médicas, arquitectura, ensino, publicidade, mercadotecnia, etc.).



6 EQUIPAMIENTOS E SERVIZOS PÚBLICOS

Santiago de Compostela na súa función de Capital Autonómica acumula os equipamentos e servizos habituais dunha cidade do seu tamaño, outros asociados á súa centralidade política rexional, ademais da súa condición de destino internacional e de centro universitario de referencia nacional e internacional.

Son múltiples as funcións urbanas públicas e privadas que recaen en

Santiago de Compostela, e que poden sintetizarse nas seguintes:


- Función Comercial - Empresarial
- Función Administrativa
- Función Cultural
- Función Docente e Universitaria
- Función Turística
- Función Religiosa
- Función de Ocio



A conxunción de función en Santiago de Compostela, e en concreto na Cidade Histórica ten un impacto moi importante sobre o funcionamento da cidade, sobre a súa xestión e organización.


A acumulación de equipamentos de diferente natureza e funcionalidade nun mesmo espazo explica en gran medida a

dificultade da xestión da cidade histórica. O mapa adxunto reúne os principais equipamentos públicos, tanto docentes como de servizos que se localizan na Cidade Histórica, e aos que acceden non só as persoas residentes en dito espazo senón tamén os do resto do Concello, a comunidade, ou incluso procedentes do exterior.



As funcións administrativas locais e rexionais achegan tamén complexidade

ao espazo, ao engadiren un número importante de equipamentos e servizos.



A conxunción nun espazo de elevado valor histórico e cultural de numerosos equipamentos administrativos e docentes, xunto a unha estrutura empresarial atomizada e de servizo intensivo a residentes e visitantes fai da Cidade Histórica un espazo complexo onde a competencia polo espazo común é intensa e non sempre se resolve con criterios de sostibilidade ambiental, económica e social.



7 ACTIVIDADE TURÍSTICA

incidencia da actividade turística na vida e xestión de Santiago de Compostela, e especialmente da Cidade Histórica é innegable. É unha realidade constatada polas estatísticas o crecemento rexistrado no número de visitantes da cidade nos últimos anos. Aínda que os efectos desta relación son, en principio, positivos para a cidade, é oportuno reflexionar nun proceso coma o actual sobre a idoneidade do modelo turístico e sobre as melloras que poidan introducirse no mesmo que optimizar os resultados desta relación, incrementando o emprego e a renda

xerada polo turismo e diminuindo as molestias que esta relación supón.

Neste sentido, é conveniente analizar con detalle as principais magnitudes da actividade turística en Santiago e diferenciar os efectos que ditas cifras teñen en diferentes aspectos de interese para a cidade (emprego, renda, ingresos municipais, calidade de vida das persoas residentes, etc.) para intentar deseñar un modelo turístico que optimice ese enorme patrimonio turístico que supón a Cidade Histórica de Santiago de Compostela.

PRINCIPALIS MAGNITUDES SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPACIDADE ALOXATIVA	2017
Nº de establecementos	219
- Establecemento hoteleiros (Hoteis+Pensións)	182
- Apartamentos	14
- Albergues Turísticos	23
Oferta de aloxamento turístico non rexistrado. Pisos. Fonte: As vivendas de uso turístico na Cidade Histórica	717
TOTAL ALOXAMENTOS	936
Nº de prazas	9.452
- Establecementos hoteleiros (Hoteis+Pensións)	7.780
- Apartamentos	2.711

PRINCIPAIS MAGNITUDES SANTIAGO DE COMPOSTELA	
- Albergues Turísticos	1.478
Oferta de aloxamento turístico non rexistrado. Prazas. Fonte: As vivendas de uso turístico na Cidade Histórica	3.188
TOTAL PRAZAS DE ALOXAMENTO	12.640
Oferta de aloxamento turístico non rexistrado. Prazas. Fonte: As vivendas de uso turístico na Cidade Histórica	3.188
Oferta aloxamento Airbnb Santiago Compostela (Agosto 2018). Prazas	2.677
Viaxeiros Establecementos Hoteleiros	855.117
Pernotacións Establecementos Hoteleiros	1.461.147
Estancia media. Noites	1,73
Ingresos por cuarto dispoñible (RevPar). €/cuarto. disp.	39,9
Viaxeiros aloxados en Viv. aluguer turístico	350.000
Excursionistas	1.794.883
Presión turística potencial do aloxamento prazas/1.000 hab	138,38
Estimación visitantes á Catedral	3.000.000
Nº asistentes a reunións e congresos. Visitantes (2015)	55.000


Carece de sentido destacar aquí a calidade e potencialidade do patrimonio cultural e etnográfico de Santiago de Compostela e do Camiño de Santiago, que goza dun recoñecemento internacional, no cal incidiu a importante promoción que desde a Xunta de Galicia se realiza sobre o destino, aínda que si convén valorar en

que medida o modelo actual e os exitosos resultados obtidos permiten a sostibilidade do destino a medio e longo prazo.

O contraste entre as cifras de viaxeiros aloxados en establecementos turísticos hoteleiros (855.117 pers./ano) e os visitantes aos principais monumentos da cidade e (3.000.000 pers.) pon de manifesto o elemento clave do modelo: **o forte peso do excursionismo**, ademais do peso crecente do aloxamento non hoteleiro (vivendas aluguer). É dicir, que os máis de 3 millóns de visitantes anuais que recibe a Catedral de Santiago (4

millóns entre turistas e residentes, cunha media de 11.200 persoas diarias), case 1,8 millóns non se aloxan en hoteis do municipio, ben porque o fan nas vivendas de aluguer (350.000), e sobre todo, porque o fan en municipios da contorna, e por tanto entran en Santiago como excursionistas, cun baixo impacto no emprego e renda no municipio, aínda que xerando presión sobre o espazo turístico e as infraestruturas e servizos municipais.


AFLUENCIA SANTIAGO DE COMPOSTELA




Tanto os resultados do estudo sobre “As vivendas de uso turístico na Cidade Histórica” realizado polo Concello coma as cifras de aloxamento ofertado polo principal portal de aluguer de curta estancia no municipio de Santiago de Compostela (Airbnb) deixan clara a importancia crecente desta modalidade

de aloxamento. Esta modalidade de aloxamento está competindo cada vez máis coa oferta regrada, e está rexistrando un proceso de profesionalización que fai que o 55% das persoas anfitriñas (xestores de vivenda) o sexan de máis dun aloxamento.

Oferta de Aloxamento en Airbnb en Santiago de Compostela.



Fonte: www.airbnb.es. Agosto 2018



Fonte: AS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO NA CIDADE HISTÓRICA. Concello de Santiago de Compostela

Esta oferta de aloxamento supone Esta oferta de aloxamento supón aproximadamente o 25% da oferta de aloxamento regrada (9.452), na que tamén teñen un peso importante os apartamentos turísticos e os albergues, que xunto coas vivendas de aluguer supón unha oferta de aloxamento de 12.640 prazas.


A oferta de aloxamentos presenta ademais un forte peso das pensións e dos hoteis de categoría media-baixa. Así dos 182 Establecementos Hoteleiros rexistrados, 113 son pensións e só 14 hoteis son de categoría superior (4 ou 5 estrelas).


A esta oferta de aloxamento nas súas diferentes modalidades hai que engadir a oferta de servizos ao turista e ao excursionista-visitante, que basicamente

está composta por restaurantes (331), bares e tendas de recordos.

A competencia de usos entre estes servizos e o comercio ao retallo destinado á poboación local dificulta a permanencia de moitos destes establecementos nas zonas centrais da cidade histórica, de onde son desprazados por establecementos destinados ao turismo.

Hoteis por categorías





Na mesma liña, prodúcese unha forte competencia entre vivenda para aluguer turístico e vivenda de uso residencial que encarece o prezo da mesma e dificulta a permanencia da poboación residente na Cidade Histórica.

Este proceso de ocupación do espazo central da cidade por actividades vinculadas ao turismo e a conseguinte perda de moitos dos establecementos de uso cotián, xunto ao constante deambular de turistas e excursionistas polo contorno dos principais enclaves turísticos (Catedral, etc.), fai cada vez máis difícil a vida para as persoas residentes da cidade histórica.

En definitiva, o modelo de éxito Santiago de Compostela debe actualizarse e adaptarse ás novas tendencias da demanda, para seguir sendo sostible os próximos 20-30 anos. Para iso será necesario optimizar os rendementos obtidos dos turistas que nos visitan, incrementando o actualmente baixo gasto medio diario en destino (56€) e propiciando un incremento da estancia media actual (1,7). Para todo isto será necesario impulsar propostas de viaxe e liñas de produtos que valoricen mellor o patrimonio cultural e etnográfico da cidade con produtos de maior valor engadido, maior carga de servizos persoais e menor impacto na cidade, de

xeito que a interacción coas persoas residentes lle outorgue autenticidade e singularidade ao espazo turístico, e reduza o risco actual de se converter nun escenario frío e sen vida cando se pechan os monumentos da cidade histórica.



Non se trata, por tanto, de substituír o modelo actual senón de facelo máis sostible e con iso máis atractivo para as xeracións futuras. É fundamental anticiparse aos cambios nas pautas de viaxe dos novos turistas onde a tecnoloxía, a co-creación do produto e a sostibilidade (pegada ecolóxica do turista) son

elementos fundamentais para o novo turista. Todo isto, ademais, respectando a poboación local e facendo dela un elemento esencial da experiencia turística, para o cal deberá conseguirse un equilibrio razoable entre turistas e residentes no uso do espazo público.

En definitiva, ao igual que Santiago soubo ser o faro que guiaba os peregrinos do pasado e converterse no destino arelado de toda a cristiandade, hoxe debe prepararse para afrontar un novo tempo e atraer os turistas do futuro polos valores e atractivos que ese novo turista desexa.




PLAN DE XESTIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



8 MOBILIDADE

A función de Santiago de Compostela como Capital de Galicia e a súa influencia no territorio circundante xera un importante fluxo exterior cara á cidade.



Datos básicos sobre mobilidade

desprazamentos/día

mobilidade interior do municipio	216.000
----------------------------------	---------

desprazamentos pendulares desde o seu contorno inmediato	36.000
--	--------



desde outros municipios exteriores da súa área metropolitana	87.000
--	--------

vehículos ao día

Rolda SC-20 e travesía N-550 (Av. Lugo) intensidade media diaria no tramo central	60.000
--	--------

A presenza de vehículos de transporte de mercadorías dentro da cidade histórica é constante dentro do horario establecido influíndo notablemente na imaxe e goce da cidade e das súas rúas. Os seus


percorridos abranguen a maioría das rúas da améndoa e prazas relevantes (Cervantes, Toural...) son puntos de parada e distribución.



9 INNOVACIÓN E COÑECEMENTO


Santiago de Compostela foi desde sempre unha cidade do coñecemento. Apoiada na súa universidade e na diversidade cultural que lle proporcionaban os peregrinos que chegaban en peregrinación ata ela. Esta

rede de conexión co exterior situou a cidade nun lugar privilexiado no orbe mundial da innovación e o coñecemento ao longo da historia.



Na actualidade, malia que as redes de conexión e os camiños son outros, a aspiración segue a ser a mesma. A universidade segue ocupando o papel central na procura do coñecemento a innovación, apoiada por una ampla rede de centros de investigación e institutos universitarios.

Entre os numerosos centros con que conta a cidade hoxe en día, hai que destacar o Campus Vida, o cal foi recoñecido como Campus de Excelencia Internacional polo Ministerio de Educación e Innovación no ano 2009.



O Campus Vida integra una Rede de Centros Singulares de Investigación, especializados en diferentes ámbitos complementarios ás Ciencias da Vida e organizados para garantiren o equilibrio produtivo entre excelencia científica e impacto socioeconómico.

O obxectivo principal destes Centros, é incrementar a capacidade de impacto da actividade investigadora dentro da cadea

de valor coñecemento-valorización-innovación e xerar impacto científico, social e económico. Outros centros destacados en dita rede son o Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares, Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas, Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información.

INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN

Instituto da Lingua Galega (ILG)
Instituto de Acuicultura
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)
Instituto de Cerámica
Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" (INCIFOR)
Instituto de Ciencias Neurolóxicas "Pedro Barrié de la Maza"
Instituto de Criminoloxía
Instituto de Dereito Industrial
Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
Instituto de Farmacia Industrial
Instituto de Investigación e Análises Alimentarias
Instituto de Investigacións Tecnolóxicas
Instituto de Matemáticas
Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos
Instituto Galego de Física de Altas Enerxías

Centros Singulares de investigación

Centro de Investigación en Química Biológica e Materiais Moleculares
Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas
Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información

Centros Propios de investigación

Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP)
Centro de Estudos de Historia da Cidade
Centro de Estudos de Seguridade (CESEG)
Centro de Estudos do Sahara Occidental (CESO)
Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR)
Centro de Estudos Fílmicos (CEFILMUS)
Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE)
Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos (CIARCUS)
Centro Interdisciplinario de Estudos Americanistas "Gumersindo Busto"
Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)
Centro de Responsabilidade Social, Goberno Corporativo e Protección do investidor (CERGI)

Facer da innovación algo útil para a sociedade esixe garantir unha adecuada transferencia de coñecemento e saber facer entre universidade e empresas. Neste punto, adquiren un papel determinante os centros de valoración, transferencia e emprendemento (AVTE).

UNINOVA é a incubadora de empresas innovadoras de base tecnolóxica da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Santiago.

UNINOVA. Iniciativas empresariais innovadoras

Empresas incubadas y domiciliadas

AYECONOMICS
BIOSTATECH
CELTALGA
CHEMANTEC
DART
DEROCERAS
HGBEYOND
HIDROVERMI
i-GRAPE
IMAGAMES
INDROPS
S4Sd
SITUM
SUNROCK

DEHISTORIA
DEVALAR
EGANET
ETNOGA PATRIMONIO CULTURAL
EVENTYAM INGENIEROS
FAZ CULTURA E DESENVOLVEMENTO
FBA CONSULTING
GALCHIMIA
GALEXPORT
GALICIA DREAMS
GALICIAN MARINE AQUACULTURE
HELIONOVA
HOLÍSTICA
IDM INNOVACIÓN & MAQUINARIA
KERAMAT
KMEDIA
LBS ENERGÍA
LBS Telecomunicaciones
LOGIC BIOTECH
NECO
NEOKER
ONTOUCH
PARALAXE
QCOACH DESARROLLO DIRECTIVO
QRL SERVICES
SALBIA
SCOREBIOTECH
STS
TASTELAB
ZYGOS


Relación de empresas externizadas

3R
ADUMBRO
AUPA audiovisual para aprender
AVA
BIOTEC DIGITAL
BIOVÍA CONSULTOR AMBIENTAL
CIENYTECH
CILENIS
CITEVI
CÓDIGO CERO
CONPAS.NET
CRIADEROS DE MOLUSCOS IZÁCORA

A innovación cobre todos os aspectos do coñecemento, desde os científico-tecnolóxicos aos empresariais, pasando polos culturais (innovación en industrias creativas) ou os ambientais (novos servizos ambientais). Neste sentido, Santiago de Compostela, ademais de dispoñer dunha importante rede de centros de investigación e centros

tecnolóxicos, conta cun número importante de empresas innovadoras e de centros de negocios onde se desenvolven iniciativas de diferente tipo, para o cal a cidade dispón de dispositivos adaptados ás necesidades de cada proxecto (centros de emprendemento, incubadoras e viveiros de empresas, centros de *coworking*, etc.).

PLAN DE XESTIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Edificio Emprendia. Fonte: <http://www.uninova.org>

10 DIAGNÓSTICO DAFO

MATRIZ DAFO

Esta matriz expresa las primeras conclusiones sobre os principais compoñentes das tres dimensións do capital territorial da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. Son apreciacións con elevada capacidade de ilustrar sobre o diagnóstico estratéxico. As ameazas e oportunidades relaciónanse co

contexto e son de difícil intervención. É na resolución das debilidades e no mellor aproveitamento das forzas onde se encontra o apoio para unha boa orientación estratéxica que permita decisións adaptativas adecuadas ante as ameazas e aproveitar con acerto as oportunidades.

	NATURAL	CONSTRUIDO	HUMANO	SOCIAL	IMAGEN
○ Debilidades	3	4	2	1	4
○ Amenazas	2	3	1	3	3
○ Fuerzas	3	5	3	2	5
○ Oportunidades	5	4	4	4	5

En Debilidades e Ameazas, valor 1 é moi débil ou moi ameazante

En Forzas e Oportunidades, valor 1 é moi baixo nivel de forza ou de oportunidade.

Da observación desta matriz conclúese que os principais apoios para deseñar unha nova etapa son o capital construído e o capital de imaxe. O capital natural e o capital humano sufriron perdas e deterioracións pero son activables. O principal obstáculo, o compoñente crítico é o capital social. Para obter o partido

desexado dos capitais naturais e de imaxe, así como recuperar a dimensión e fortaleza do capital humano, cómpre provocar un proceso de reforzamento do capital social, do desenvolvemento de redes, do incremento da confianza e do interese e capacidade de cooperar.

En relación cos procesos, os máis preocupantes nestes momentos, son:

- A perda de poboación residente e da actividade de proximidade asociada.

- A diminución de actividade central en favor das novas formas comerciais e de lecer.
- Determinados efectos indesexables do turismo sobre os usos e actividades.
- deterioramento da imaxe de Santiago como consecuencia dos momentos e lugares de conxestión e banalización das visitas.
- Efectos negativos derivados da falta de articulación nas relacións funcionais e na mobilidade da Cidade Histórica cos ámbitos urbanos confinantes.
- Disolución progresiva da rede de espazos públicos (rúas, prazas, zonas verdes e outros) na organización relacional da Cidade Histórica.

ACHEGAS AO DAFO RELACIONADOS CO PATRIMONIO CONTRUÍDO

DEBILIDADES

- O deterioramento do patrimonio é elevado. Unha quinta parte dos edificios presenta un estado deficiente. Hai unha forte coincidencia entre deterioramento e abandono. Esta situación podería empeorar nos próximos anos pola idade avanzada das persoas residentes na Cidade Histórica e o tamaño exíguo dos seus fogares (case un 30% das persoas maiores de 64 anos viven soas).
- Os mecanismos de protección non están asegurando a conservación, polo menos en parte dos edificios. Dous terzos dos edificios con deficiencias están protexidos. Cabe preguntarse se a normativa actual sería adecuada ante unha iniciativa de rehabilitación adaptada ás necesidades funcionais actuais.
- O deterioramento esténdese á ampla rede de espazos públicos, sexan urbanizados ou verdes, públicos ou privados, restando funcionalidade ás súas posibilidades como espazos de relación, ocio, produtivos e ecolóxicos.
- A perda de dotacións e equipamentos urbanos no centro histórico está producindo unha diminución progresiva da centralidade nas funcións da cidade, o cal provoca, en conxunto coa diminución de residentes, un risco para manter a vitalidade da cidade histórica.
- A funcionalidade desprazada do recinto histórico xera unha dependencia do centro respecto á periferia urbana. Por esta razón, o desequilibrio entre os sistemas interno e externo, os problemas de conexións e mobilidade ou a falta de articulación do centro histórico cos barrios limítrofes ou periféricos son

problemas que se fan aínda máis evidentes.

- Obsérvanse tecidos urbanos degradados ou carentes de ordenación, principalmente nos espazos de confluencia entre zonas estruturalmente distintas da cidade ou en bordos, por exemplo, entre barrios, áreas construídas e zonas verdes, antigas hortas, etc.
- Nunha escala máis ampla, a relación cidade-territorio demanda un maior artellamento e presenza na planificación (e, naturalmente, no funcionamento da cidade). Pode observarse que son escasas as análises e, en xeral, a documentación sobre o patrimonio rural e territorio nos documentos estratéxicos. Se o predominio do mundo urbano sobre o rural é unha constante noutros municipios, a importancia monumental de Santiago faíno aínda máis radical.
- A presenza de monumentos emblemáticos, como magníficos fitos históricos que son, focaliza a atención das persoas visitantes e residentes pero pode ofrecer una percepción fragmentada ou parcial da cidade histórica que dificulte entender o conxunto, a globalidade de forma integrada. Faltan estruturas para o coñecemento integrado da cidade histórica.

AMEAZAS

- Varias causas concorren nun progresivo despoboamento do centro histórico: altas taxas de envellecemento e sobreenvellecemento, a dinámica demográfica negativa, a reconversión de pisos noutros usos, a diminución do comercio local... Esta tendencia actual sobre o uso da vivenda, común noutras cidades, está producida por causas de xestión moi complexas e resulta preocupante para o futuro do centro histórico de Santiago.
- Os elevados prezos da vivenda en Santiago, superiores aos doutras importantes cidades de España, poden resultar un serio inconveniente para as potenciais políticas de incentivos á vivenda co fin de revitalizar o centro histórico da cidade.
- A circunstancia sobrevivida dos alugueiros para o turismo, tipo P2P, en moitas cidades turísticas do mundo e a falta, polo menos polo momento, de regulacións e dun criterio común para a súa xestión (nos niveis comunitario, nacional, autonómico ou municipal) implica unha dinámica de alugueiros de moi curto tempo, un público transeúnte con necesidades de dotacións moi distintas ás do habitante permanente e unha presión de uso, ás veces incompatible co desenvolvemento da vida doméstica das persoas residentes.

- En Santiago produciuse, seguindo o modelo comercial da maioría das cidades grandes actuais, a localización no cinto metropolitano de establecementos comerciais en grandes superficies. Esta dinámica é contraria á diversificación e especialización do comercio no centro histórico e impulsa a desaparición do uso dos locais tradicionais e do comercio de proximidade.
- Outra tendencia, tamén compartida con outras cidades grandes, é a existencia de crecementos periféricos residenciais ou núcleos metropolitanos “autónomos” con habitantes que traballan e se desprazan diariamente ao centro da cidade. Esta función demanda as súas propias dotacións e sistemas de mobilidade, non sempre coincidentes coas necesidades dos residentes.
- Un plan de xestión dun sitio Patrimonio Mundial necesita incorporar un modelo de gobernanza participativa. A cultura de administración participativa na nosa sociedade é escasa e conta con poucas referencias de modelos demostrativos e exitosos e, en xeral, pártese dun gran descoñecemento acerca de metodoloxías e prácticas adecuadas, tanto na Administración como na sociedade civil.
- O turismo de masas banaliza a cultura e en Santiago non é unha excepción. Esta realidade non é un bo principio para ofrecer un coñecemento integrado do patrimonio nin para

acoplar as necesidades funcionais entre residente e visitante.

FORTALEZAS

- A cidade histórica posúe unha cantidade apreciable de patrimonio sen uso. Está constituído por construcións de tipoloxía, superficie e localización moi variada. É versátil para a súa reutilización, adaptación e actualización a novas funcións. A falta de uso está relacionada co abandono e a degradación no estado de conservación. Con independencia da particularidade de cada caso, esta “bolsa” podería ser estudada como reserva ou oferta dispoñible para recuperar as funcións urbanas do centro, diversificar os puntos focais da cidade, coidar o capital de imaxe de Santiago e promover accións innovadoras de revitalización urbana.
- Respecto ao tecido residencial constátase que, en termos xerais, o casarío ten tipos edificatorios con boas condicións para as adaptacións funcionais que serían necesarias segundo os requirimentos actuais. Como excepción, no recinto histórico e nos arrabaldes, algúns edificios residenciais poderían ter maiores dificultades de adaptación (superficie escasa, proporcións de parcela difíciles...).
- A calidade e disposición do patrimonio no conxunto –non só os fitos emblemáticos- é un recurso de

primeira orde para diversificar os fluxos do turismo, ofrecendo unha visión máis global ou integrada da cidade que a que actualmente se percibe, sempre que se dote de infraestrutura e programas para o coñecemento.

- O patrimonio construído de calidade é igualmente un recurso fundamental para acoller futuros centros de coñecemento, innovación e creación que dinamicen a cidade: a chamada “Univercidade” e o “Sistema Urbanístico de Innovación de Santiago de Compostela” debatidos nos grupos de participación do Plan de Xestión.

OPORTUNIDADES

- A capacidade de mobilización de Santiago grazas ao seu enorme capital de imaxe é un recurso que debe ser aproveitado para a utilización, actualización funcional e conservación do patrimonio, considerándoo de maneira integrada, incluíndo o medio urbano, rural e territorio.
- En Santiago concorre unha masa crítica de axentes do coñecemento e da creación cunha alta disposición a participar en programas innovadores de dinamización da cidade, aspecto que unido á abundancia patrimonial e de espazos físicos reutilizables representa unha oportunidade importante para a revitalización do centro histórico da cidade.
- A importancia da Universidade de Santiago é un recurso de primeira orde para a posta en valor do patrimonio. Aos programas de coñecemento, investigación e tecnolóxicos que incentiva a universidade e a necesidade de infraestruturas de apoio hai que sumarlle o colectivo de estudantes con necesidades residenciais, de ocio e culturais.
- A abundancia de zonas verdes, coma hortas, claustros e xardíns, amplamente distribuídos por toda a cidade, conforman unha rede que dá oportunidade, non só para fortalecer as dotacións de espazos libres, senón polas súas funcións *produtivas e de contribución ao autoabastecemento da cidade. Esta rede pode poñerse en valor cun programa de incentivos adecuado.*
- *Como caso particular relacionado coa reinterpretación das zonas verdes, as ribeiras do Sar e Sarela achegan solos fértiles que poden incorporarse ás funcións ecolóxicas e produtivas de abastecemento e servizo da cidade.*

ENDÓXENOS

Falta de adecuación das vivendas aos requirimentos da poboación actual

Desafección de parte das persoas residentes coas condicións de habitabilidade da C.H.

Envellecemento progresivo

Dificultades de convivencia cos fluxos turísticos en parte da C.H.

Dificultades de convivencia provocadas polos hábitos de uso nocturno no espazo público

Perda de servizos públicos

Perda de comercio de proximidade

ESÓXENOS

Presión de ocupación para Vivenda de Uso Turístico

Aumento dos prezos de alugueiro e de adquisición de vivenda

Presión dos novos negocios orientados ao visitante

Traslado de centros de traballo a edificios máis funcionais

Traslado de centros universitarios a edificios de maior capacidade e máis funcionais

Cambio de modelo de distribución comercial e de lecer. Galerías e Grandes superficies



V. OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS PARA A REVITALIZACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA.

O presente documento adopta a forma de instrumento estratéxico para a reorientación das políticas públicas na Cidade Histórica e de guía para as intervencións privadas no seu ámbito. Na súa calidade de documento estratéxico defínense neste capítulo os compoñentes aceptados internacionalmente: Misión, Visión, Valores, Obxectivos e Orientacións Estratéxicas

En síntese, tomamos como misión da Cidade Histórica a razón de ser como Patrimonio da Humanidade, incorporando

aos criterios da súa declaración, a recuperación patrimonial da relación histórica da cidade co seu territorio.

A visión é unha exposición clara que indica cara a onde se dirixe a cidade a longo prazo e en que se deberá converter, tomando en conta as súas capacidades, a súa singularidade, as aspiracións da poboación, as condicións do contorno, as súas oportunidades e ameazas, así como a incidencia dos novos procesos que están xurdindo internacionalmente.

FINS

O presente Plan de Xestión da Cidade Histórica Patrimonio da Humanidade formúlase para dotar a “urbe” dunha orientación para a súa configuración intelixente como cidade patrimonial, que integra as aspiracións da cidadanía (“civitas”) e que organiza a acción da política pública (“polis”) a longo prazo.

Nesta versión do Plan de Xestión en formulación inclúese a definición dos seus compoñentes nucleares. Na versión definitiva, este Plan, incluirá ademais a

indicación de proxectos de renovación urbana coherentes coa estratexia do plan de xestión, os criterios para a elaboración de plans de riscos e continxencia, as determinacións e criterios para a gobernanza, os instrumentos de xestión e os procedementos de participación. Con todo isto, darase resposta ao compromiso coa Unesco, dotando á Cidade Histórica Patrimonio da Humanidade do instrumento de xestión previsto nas súas directrices.

MISIÓN

A misión da Cidade Histórica, na súa condición de Patrimonio da Humanidade, responde ás razóns polas que foi acreedora de tal distinción. Isto supón manter a cidade viva, reproducindo no mundo contemporáneo a súa capacidade secular de destacar como gran cidade europea cultural e artística con valor universal excepcional.

A cidade de Santiago de Compostela ten a misión de dar continuidade á súa historia como emisora de influencias no desenvolvemento da arquitectura e a arte e gran atraedora de peregrinos guiados pola espiritualidade e a culminación do Camiño.

A misión da Cidade Histórica de Santiago de Compostela consiste, tamén, en exercer plenamente a súa función como cidade, desenvolvendo un modelo propio de conservación do patrimonio que integre a actuación no edificio coa actuación de conxunto e as súas estruturas relacionais, coidando especialmente o acoplamento co territorio e o benestar dos seus habitantes.

VISIÓN

A visión que a cidadanía de Santiago de Compostela pretende para a súa Cidade Histórica é lograr que Santiago recupere a súa vitalidade como cidade residencial e activa, que desenvolva plenamente o seu potencial como foco universal, optimizando o seu potencial como nodo interconectado internacionalmente con intensas relacións en xestión do

coñecemento, en creación artística e en cultura. Unha cidade apoiada nunha biografía secular de cidade acoplada ao seu territorio, referente en conservación do patrimonio e en benestar comunitario, e cun forte atractivo para as persoas e para o intercambio de ideas de valor universal.

VALORES

A proposta deste Plan de Xestión fundamenta a acción do Concello e da cidadanía involucrada nos seguintes valores:

- ✓ Habitabilidade no novo escenario de autosuficiencia conectada; condicións confortables de residencia, no ámbito público e no privado.
- ✓ Integración da diversidade cultural arredor do patrimonio.
- ✓ Contorno urbano con capacidade de integración e xustiza social.
- ✓ Engarzamento entre cidade e territorio.
- ✓ Adaptación ás esixencias do cambio global, contribuíndo á descarbonización e promovendo prácticas de vida saudable.
- ✓ Mantemento da cidade viva, compatibilidade entre conservación do patrimonio e calidade de vida contemporánea.
- ✓ Contribución á resolución dos grandes retos da humanidade no século XXI.
- ✓ Intercambio de ideas e relacións interculturais.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Para definir o modelo de funcionamento e ordenación que conxuga *urbe*, *civitas* e *polis* preténdese orientar as transformacións para lograr o maior nivel posible de realización das súas funcións como soporte de habitabilidade, como espazo de innovación, xerador e difusor do coñecemento, e como lugar de creación cultural e artística.

A Cidade Histórica debe ser un espazo de xeración de coñecemento sobre o seu propio patrimonio, sobre a súa historia e sobre outras materias nas que Santiago de Compostela atesoura fortalezas e capacidade de crecemento. É un ingrediente deste Plan de Xestión a vontade de desenvolver unha estratexia de **Coñecer**, **Comunicar** e **Educar**, en liña coas directrices da Unesco.

Na orientación estratéxica ocupa unha posición central o **reengarzamento da Cidade Histórica co seu territorio**. Historicamente Santiago de Compostela estableceu unha relación singular, dotada de valor excepcional, co seu territorio e logrou un equilibrio no seu metabolismo, proporcionando auga, enerxía, alimento e eliminando os seus residuos, para que puidesen habitar e convivir os seus habitantes e os seus residentes. Esta relación histórica cobra un valor universal actual polo reto da humanidade para descarbonizar a sociedade e, en particular, as súas cidades. A integración cidade e territorio cobra un novo valor como patrimonio e como innovación.

A recuperación da relación da Cidade Histórica co seu territorio ten unha dimensión biofísica, metabólica, socioeconómica e cultural. É obvia a relación de Santiago de Compostela cun amplísimo territorio a través do **Camiño**. Esta relación debe ser entendida como **valor universal excepcional**, dotando os tramos finais dos distintos camiños do tratamento que esta realidade simbólica, cultural e social ten no presente e terá nas próximas décadas.

A relación de Santiago de Compostela ten unha **escala intermedia** moi relevante no plano simbólico, visible na súa relación con Fisterra, Pico Sacro, Lupa, translatio... que dalgún xeito debe de estar presente na nova concepción da Cidade Histórica reengarzada ao seu territorio. No plano funcional, a Cidade Histórica debe redefinir a súa relación coa estrutura urbana e metropolitana, establecendo novas relacións de mobilidade baseadas no transporte público, na mobilidade non motorizada e nas solucións “adaptadas” ao contorno patrimonial para os accesos de persoas e distribución de mercadorías.

En relación coa inserción da Cidade Histórica co territorio e o conxunto da cidade vai cobrar unha importancia renovada a relación cos ríos Sar e Sarela, e na ordenación urbanística debe cambiar o esquema de organización radioconcéntrica actual por un novo esquema que reforce a relación do centro cos seus espazos confinantes; trátase de potenciar a **vertebración orgánica** dos compoñentes urbanos.

Tralos bos resultados obtidos polas políticas de protección e rehabilitación de hai uns anos, considérase que é o momento de intervir sobre os espazos públicos, sobre o espazo de relación. Trátase de dar respostas de proxecto, de ordenación contemporánea aos **espazos libres**, ás prazas, ás rúas e as súas funcionalidades de tránsito, pero tamén de estancia.

A mellor expresión de todo este proxecto estratéxico é lograr unha cidade cunha expresión icónica representada por catro elementos: **pedra, madeira, verde e auga, e as persoas** no centro de todo.

- A **pedra** como representación canónica do espazo público, das prazas e rúas da Cidade Histórica. A pedra é historia e permanencia, é traballo e coñecemento, é a expresión da orde do territorio recolocado á medida das necesidades humanas.
- A **madeira** como expresión do espazo privado, do confort e a habitabilidade, que alude ao valor excepcional das súas solucións construtivas e á súa renovada capacidade de catalizar a innovación para conseguir espazos habitables saudables, sostibles e acolledores.
- O descubrimento do **verde** en numerosos recunchos de Santiago de Compostela expresa a resistencia do mundo vexetal, do mundo vivo, fronte á aparente inertización do mundo urbano. Santiago é unha cidade verde, pola importancia das súas dotacións de espazos verdes, pero tamén polos seus hortos coñecidos e descoñecidos,

polos seus patios vexetados e os seus recullos axardinados.

- A **auga**, pola súa parte, é a expresión da súa identidade e da omnipresencia do elemento vital por excelencia. En Santiago chove, nas rúas e prazas a chuva é frecuente e característica, os edificios están preparados para a chuva persistente; a organización histórica de rúas, espazos públicos e espazos fértiles, están adaptados á lóxica da agua. No aire, no chan, nas escorrentías, nos leitos, nos acuíferos, a auga en Santiago é expresión de vida, de relación simbólica e orgánica do seu valor excepcional.
- As **personas** son o centro e a razón de ser do patrimonio vivo da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. Os edificios son expresións actuais das solucións que se foron dando ao longo da historia ás necesidades e degoiros das xeracións anteriores. A adaptación dos materiais, das solucións construtivas, da organización do espazo público, de tantos e tantos compoñentes do valor universal excepcional da Cidade Histórica, teñen ás persoas como centro e razón de ser. O propósito é manter este valor, dando solución ao mantemento de Santiago de Compostela como cidade viva, habitada por persoas con calidade de vida contemporánea, e que ofrece solucións de acollida aos milleiros de peregrinos e de turistas que chegan cada ano, para que gocen dunha experiencia cultural densa e da convivencia cos composteláns.

Os oito **obxectivos estratéxicos** adoptados para este Plan de Xestión son:

- A. Desenvolver o potencial de acollida residencial da Cidade Histórica, e recuperar as actividades comerciais e culturais propias e específicas.**
- B. Asegurar a conservación do patrimonio histórico-arqueolóxico, nos seus compoñentes e na súa estrutura relacional, nun contorno de funcionalidade contemporánea.**
- C. Integrar a Cidade Histórica na súa base territorial, recuperando os principios sostibles dos sistemas tradicionais de auga, enerxía, residuos e fertilidade, aplicando as tecnoloxías máis evolucionadas.**
- D. Reorientar o modelo turístico reforzando a conservación e coñecemento do patrimonio e a relación amigable coas persoas residentes.**
- E. Profundizar no coñecemento do patrimonio, comunicar e educar.**
- F. Impulsar o vencello da Cidade Histórica coa innovación e o coñecemento, xunto co apoio ás actividades creativas.**
- G. Integrar a Cidade Histórica no seu contexto urbano e comarcal, reforzando a vertebración orgánica cos seus bordos e organizando un esquema de mobilidade adaptada ás condicións específicas da Cidade Histórica.**
- H. Establecer un sistema de gobernanza específico, eficaz, transparente e participativo.**

Para desenvolver estes obxectivos e reorientar a evolución da Cidade Histórica cara ao modelo pretendido que optimiza os valores universais excepcionais que posúe e que rexenera de forma continua, cóntase coas distintas públicas do Concello, coa colaboración doutras administracións, Xunta de Galicia e Administración Central, e especialmente co Consorcio de Santiago, entidade que tivo un papel moi relevante na aplicación

das políticas de conservación e rehabilitación.

A. Desenvolver o potencial de acollida residencial da Cidade Histórica, e recuperar as actividades comerciais e culturais propias e específicas.

Ligar o Valor Universal Excepcional (VUE) á vitalidade da cidade, empezando pola dinámica residencial e as funcións urbanas centrais. Mellorar as condicións de habitabilidade dos edificios residenciais, as redes de subministración, as dotacións de equipamentos e servizos públicos e os comercios de proximidade.

B. Asegurar a conservación do patrimonio histórico-arqueolóxico, nos seus compoñentes e na súa estrutura relacional, nun contorno de funcionalidade contemporánea.

Establecer a importancia cultural excepcional como resultante da confluencia de distintas dimensións: como espazo de encontro dos Camiños, polo valor dos seus compoñentes edificadas, dos bens rurais vencellados e dos valores intanxibles, así coma o valor do conxunto integrado. Para isto, ha de asegurarse a conservación do patrimonio dos bens singulares de forma individualizada e de conxunto; outorgando especial importancia ao tratamento adecuado dos espazos relacionais, prazas, rúas, zonas verdes e espazos libres rurais do contorno. Todo isto, nun contorno de funcionalidade contemporánea.

C. Integrar a Cidade Histórica na súa base territorial, recuperando os principios sostibiles dos sistemas tradicionais de auga, enerxía, residuos e fertilidade, aplicando as tecnoloxías máis evolucionadas.

Propor un esquema innovador de metabolismo urbano de carácter patrimonial, integrado nos ciclos naturais de auga e enerxía, recuperando a fertilidade dos solos cultivables e optimizando a circularidade de materiais.

Para isto, cómpre desenvolver solucións tecnoloxicamente avanzadas que articulen os ciclos naturais e os de servizo urbano principio da integración ecosistémica.

Neste sentido, cobra importancia especial o valor universal dos antecedentes históricos da forma na que Santiago de Compostela logrou dar resposta a estas necesidades nun escenario de autarquía metabólica.

D. Reorientar o modelo turístico reforzando a conservación e coñecemento do patrimonio e a relación amigable cos residentes.

Para os próximos anos é preciso promover un modelo turístico centrado na experiencia cultural densa e na convivencia coa comunidade residente. Establecer medidas para desconcentrar a afluencia turística, ampliando espazo turístico frecuentado e establecendo límites de visitantes nos espazos máis conxestionados para asegurar o bo uso do espazo público para residentes e visitantes. Favorecer e priorizar o uso


residencial permanente de fogares nas vivendas da Cidade Histórica como parte do atractivo turístico do destino.

E. Profundar no coñecemento do patrimonio, comunicar e educar.

Facilitar e promover a investigación sobre o patrimonio material e inmaterial, tanto na súa dimensión urbana coma na súa dimensión rural e de inserción no territorio. Interpretar o patrimonio histórico-arqueolóxico, nos seus compoñentes e na súa estrutura relacional. Promover a comunicación do coñecemento patrimonial coa comunidade residente, cos visitantes e coa poboación en xeral e desenvolver un programa orientado ao ámbito educativo local e universal.

F. Impulsar o vencello da Cidade Histórica coa innovación e o coñecemento, xunto co apoio ás actividades creativas.

Desenvolver o gran potencial de Santiago de Compostela como nodo de innovación e coñecemento, favorecendo a implantación de espazos e centros de destinados a esta actividade, dotados e ben artellados (Sistema Urbano de Innovación de Santiago de Compostela), ademais do fomento de actividades creativas e artísticas. Promover unha nova relación entre a Universidade e a Cidade Histórica (Univercidade) que reforce o valor universal excepcional e contribúa á súa vitalidade. A Cidade Histórica debe ser un lugar atractivo e dinámico para este tipo de actividades, para os encontros internacionais e para atraer residentes relacionados con elas. Habilitar edificios con características adecuadas para o aloxamento colectivo e as reunións para este tipo de usos.




G. Integrar a Cidade Histórica no seu contexto urbano e comarcal, reforzando a vertebración orgánica cos seus bordos e organizando un esquema de mobilidade adaptada ás condicións específicas da Cidade Histórica.

Identificar as zonas de bordo da Cidade Histórica que requiran unha intervención urbanística de integración co resto da cidade. Desenvolver un esquema de mobilidade e accesibilidade que faga compatible os requirimentos de accesibilidade de residentes, actividades comerciais e centrais con valor patrimonial universal excepcional. Desenvolver un esquema de accesibilidade ao centro baseado no transporte público, establecendo medidas de acceso restrinxido a residentes e turistas e medios específicos para distribución de mercadorías. Habilitar medios de transporte especiais para a circulación restrinxida e autorizada no espazo peonil.

H. Establecer un sistema de gobernanza específico, eficaz, transparente e participativo.

Deseñar unha institucionalidade baseada na interacción entre a “polis” e a “civitas” asegurando un bo entendemento de todas as necesidades e aspiracións dos diferentes grupos sociais, dotando de medios adecuados o Consorcio de Santiago para exercer o seu papel como instrumento de políticas activas e dotando a Cidade Histórica de capacidades de xestión específicas:

- *Concellería da Cidade Histórica.*
- *Oficina técnica. Revisión do papel e funcionamento da Comisión asesora do Plan Especial.*
- *Órgano de participación.*
- *Sistema de monitorización, seguemento e avaliación.*





VI. INDICACIÓN DA APLICACIÓN DA ESTRATEGIA AOS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS

FINALIDADE DOS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS

Nesta visión estratéxica a misión dos instrumentos urbanísticos é facer compatible a protección, a rehabilitación e salvagarda da Cidade Histórica como ben cultural, Patrimonio da Humanidade, coa súa permanenza como cidade viva e habitada.

Os obxectivos xerais urbanísticos para conseguir dito fin son:

- Mellorar a calidade de vida dos habitantes.
- Garantir un apropiado equilibrio dos usos.

- Protexer o patrimonio construído e o natural.
- Establecer os elementos de integración co resto da cidade.

Os obxectivos estratéxicos concréntanse no ámbito urbanístico en case todos eles, coa excepción do Obxectivo E. Profundar no coñecemento do patrimonio, comunicar e educar, que se concreta en medidas non urbanísticas. As medidas ou recomendacións para os instrumentos urbanísticos concréntanse por Obxectivos da seguinte forma:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	INDICACIÓN PARA OS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS
Desenvolver o potencial de acollida residencial da Cidade Histórica, e recuperar as actividades comerciais e culturais propias e específicas	A1. Establecer criterios para a ordenación do espazo público. A2. Identificar os proxectos de maior interese para reforzar o uso dos espazos libres. A3. Adecuar a regulación da segregación de vivendas para posibilitar a súa adaptación aos novos tamaños de fogar. A4. Establecer as condicións de reforma e adecuación das vivendas ao novo modelo de autosuficiencia e de condicións saudables do habitar. A5. Posibilitar a accesibilidade de determinados edificios mediante ascensores e outras medidas. A6. Elaborar un Catálogo de locais, establecementos e edificios para usos comerciais e de servizos, favorecendo os usos de comercio e servizos de proximidade e aqueles usos mantidos durante polo menos cincuenta anos. A7. Definición dos procedementos de obtención de edificios, vivendas e locais para desenvolver políticas públicas activas de instalación de residentes e actividades. A8. Cualificar edificios para acoller equipamentos de servizo público ás persoas residentes. A9. Ordenanza da contaminación acústica.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	INDICACIÓNS PARA OS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS
Asegurar a conservación do patrimonio histórico-arqueolóxico, nos seus compoñentes e na súa estrutura relacional, nun contorno de funcionalidade contemporánea.	B1. Revisar o catálogo de edificios e revisión dos usos adecuados. B2. Revisión do espazo protexido polos BIC dos Camiños de Santiago. B3. Ordenación do espazo público e rede de zonas verdes baixo o criterio de prioridade ás necesidades dos usuarios residentes. B4. Seleccionar no catálogo de locais aqueles que teñen interese pola súa contribución ao VUC. B5. Definición de áreas de interese e fertilidade arqueolóxica. B6. Ordenación do uso público do espazo rural e os contornos do Sar e Sarela.
Integrar a Cidade Histórica na súa base territorial, recuperando os principios sostibles dos sistemas tradicionais de auga, enerxía, residuos e fertilidade, aplicando as tecnoloxías máis evolucionadas.	C1. Redeseñar os sistemas ligados ao metabolismo urbano da Cidade Histórica para vencellos coa súa matriz biofísica e os seus procesos naturais. C2. Regular as condicións de implantación e desenvolvemento das redes de subministración compatibles coa conservación do patrimonio, que sexan funcionalmente adecuadas e que respondan aos principios da renovabilidade e a circularidade. C3. Favorecer a reconversión enerxética dos edificios para introducir instalacións de fonte renovable e mellorar a súa eficiencia enerxética. C4. Adaptar a regulación para favorecer as solucións colectivas relacionadas co metabolismo urbano. C5. Incorporar o uso de cultivo de produtos alimentarios en espazos interiores de mazás, edificios conventuais e zonas verdes.

OBJECTIVOS ESTRATÉGICOS	INDICACIONES PARA OS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS
Reorientar o modelo turístico reforzando a conservación e coñecemento do patrimonio e a relación amigable coas persoas residentes.	D1. Ordenar o espazo público para permitir o control de accesos e a limitación de aforos. D2. Regulación de uso Vivenda de uso turístico establecendo zonas non compatibles, zonas con restricións ou limitadas a determinadas vivendas e zonas con maiores tolerancias. Regulación dos requisitos urbanísticos das VUT. D3. Regulación e favorecemento do alugueiro de cuartos en fogares.
Impulsar o vencello da Cidade Histórica coa innovación e o coñecemento, xunto co apoio ás actividades creativas.	F1. Identificar os edificios de aloxamento colectivo. F2. Identificar o espazo correspondente á «Univercidade». F3. Identificar proxectos exemplares como parte da política de innovación. F4. Desenvolvemento das modalidades de uso “espazo cultural de proximidade”.
Integrar a Cidade Histórica no seu contexto urbano e comarcal, reforzando a vertebración orgánica cos seus bordos e organizando un esquema de mobilidade adaptado ás condicións específicas da Cidade Histórica.	G1. Ordenar Virxe da Cerca e as vías perimetrais para priorizar o transporte público. G2. Redeseñar Praza de Galicia para reforzar o seu papel de porta da Cidade Histórica G3. Revisión da dotación de aparcadoiros para residentes. G.4 Microplataforma loxística e regulación da distribución. Vehículos autorizados. G.5 Regular o acceso con vehículos especiais para acceso con cargas ás vivendas e aos aloxamentos regrados. G6. Identificar áreas degradadas que requiren renovación. G7. Identificar áreas con oportunidades.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	INDICACIÓNS PARA OS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS
Establecer un sistema de gobernanza específico, eficaz, transparente e participativo.	H1. Oficina Técnica H2. Habilitar mecanismos de participación e de decisión en determinados procedimentos urbanísticos. H3. Reforzar a función da Comisión Asesora.



VII. INDICACIÓNS SOBRE AS PLANIFICACIÓNS CONFLUENTE

Para a consecución dos Obxectivos Estratéxicos, ademais da concreción nos instrumentos urbanísticos, explícanse as indicacións sobre a planificación das zonas verdes, do ciclo integral da auga, Formación

O Plan de Xestión da Cidade Histórica de Santiago de Compostela artículase co resto das planificacións de primeiro nivel da cidade.

En primeiro lugar tense en conta a Estratexia Verde promovida en 2010 polo Consorcio de Santiago e o Plan Director de Zonas Verdes redactado en 2015, enmarcado na Estratexia Verde. Estes dous documentos, e mais o Plan de Sostibilidade Enerxética e a planificación ordinaria do ciclo integral da auga, así como a recollida de residuos,

proporcionan o marco de planificación do metabolismo urbano.

En 2011 elaborouse o Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Santiago de Compostela, que está pendente de ser revisado en profundidade para adaptalo á nova situación.

O Concello conta con planificación aprobada en materia de Comercio e de Emprego e o Plan Estratéxico de Turismo. Esta última materia é crucial no modelo de ordenación e de conservación da Cidade Histórica.

Ademais, téñense en conta a planificación do transporte metropolitano, o Plan Estratéxico da Cidade da Cultura e a planificación do Campus de Excelencia Internacional Vida.

Os plans identificados que serán coordinados co presente Plan son:

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA

ESTRATEGIA VERDE

PLAN DIRECTOR DE ZONAS VERDES

PLAN DE SOSTIBILIDADE ENERXÉTICA

PLAN ESTRATÉGICO DE TURISMO

PLAN ESTRATÉGICO DO CAMPUS DE
EXCELENCIA INTERNACIONAL VIDA

PLAN ESTRATÉGICO CIDADE DA CULTURA
(2012-18)

PLAN DE MOBILIDADE

PLAN DE EXCELENCIA COMERCIAL/
MERCADO DE ABASTOS

PLAN DE ACCIÓN LOCAL POLO EMPREGO

PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO



Os plans de Zonas verdes e Turismo e a Estratexia Verde teñen un tratamento particular pola incidencia dos seus

contidos sobre o modelo deste Plan de Xestión.

PLAN DIRECTOR DE ZONAS VERDES E ESTRATEXIA VERDE

En relación co **Plan Director de Zonas Verdes** este Plan de Xestión asume o seu enfoque e tratamento, contribuínte claro ao propósito de recuperar a relación entre

a Cidade Histórica e o seu territorio a través do ciclo da auga e do tratamento dos espazos verdes.

FINALIDADE XERAL ESTRATEXIA VERDE	INSTRUMENTOS DA ESTRATEXIA VERDE
Organizar os espazos verdes urbanos de forma que supoñan unha oportunidade para a transformación do metabolismo da cidade cara á sostibilidade, cara a un metabolismo de fluxos materiais pechados, evitando a xeración sistemática de residuos contaminantes, propia do modelo urbano industrial.	1. Devolver a auga aos espazos verdes. Retornarlles a auga de chuvia da escorrentía, dos leitos que os atravesan. 2. Devolver a súa funcionalidade aos espazos verdes. Devolverlles a súa produtividade urbana, o seu papel no metabolismo social. 3. Dar visibilidade e buscar o acordo social na aplicación da Estratexia Verde. 4. Conservar os espazos verdes con criterios de eficiencia ambiental e económica.

Análise da estrutura verde: aplicação do plano verde. Conselho de Berlim da Comissão Europeia: 2010



41-36'9"

- [illegible]

For more information, visit www.humanities.mcgill.ca

- **Região da Ilha de São Paulo:**
 - A ilha de São Paulo é a maior ilha do Brasil, com uma área de 307 km².
 - É a única ilha do Brasil que possui uma população fixa.
 - A ilha é governada pelo Estado de São Paulo.
 - A ilha é conhecida por suas paisagens deslumbrantes e sua rica biodiversidade.
 - A ilha é um importante destino turístico.

- Chromatide inheritance**
 In a cell, the two sister chromatids of a chromosome behave as a single unit during cell division. The two sister chromatids of a chromosome are inherited together.
- Independent assortment**
 The two alleles of a gene are inherited independently of the alleles of other genes.
- Segregation**
 The two alleles of a gene are inherited independently of the alleles of other genes.
- Linkage**
 The two alleles of a gene are inherited together.

sistemas da paisaxe B2

DZ



UNIVERSITY POLYTECHNIC
OF CANTON
SHEK KOW TUN

radioconcéntrico dos novos eixos cívicos que propón para adecualos á estrutura de vertebración orgánica que propón este Plan de Xestión.

PLAN DIRECTOR DE ZONAS VERDES	Arquitectura do Plan Director de Zonas Verdes
Sistema da auga: abastecemento e drenaxe. Conexión coa Estratexia Verde	Sistema Hidráulico da cidade. Estratexia e Proposta dun novo modelo hidráulico para Santiago de Compostela Integración dos ámbitos fluviais na cidade de Santiago de Compostela Valorización do Patrimonio hidráulico e a súa achega ao territorio

ESTRATEGIAS PRINCIPAIS DO PLAN DIRECTOR DE ZONAS VERDES	Arquitectura do Plan Director de Zonas verdes
a) Promover unha rede de mobilidade lenta, inserida no territorio complementaria á mobilidade do coche e baseada na idea dos camiños históricos de peregrinación. b) Traballar na dirección de suplir a falta de identidade e uso das zonas verdes de Santiago de Compostela. a) Tratar os parques como Centros Culturais da Natureza e a Cidade ao aire libre, dotados dunha entidade de xestión.	Tres escalas de estudo: • Escala territorial • Escala Municipal • Escala de Zonas Verdes. Organízanse segundo 4 sistemas: • Sistema Verde. • Sistema de Espazo Público. • Sistema da Auga. • Sistema de Usos.

PLAN ESTRATÉGICO DE TURISMO

Finalidade do Plan: dotar a cidade dunha guía de traballo para consolidar a Santiago como un destino turístico sostible.

Obxectivos xerais para lograr este propósito:

1. Sostibilidade social, económica e ambiental do turismo.
2. Optimización da gobernanza do turismo de Santiago.
3. Descentralización dos fluxos turísticos.
4. Capacidade para desestacionalizar a actividade.
5. Inversión do fenómeno da xentrificación.

O modelo turístico pretendido para Santiago de Compostela inclúe a revitalización da Cidade Histórica con novos residentes, a recuperación do atractivo como cidade viva, habitada e cun comercio e hostalería singulares que respondan á identidade secular.

Ademais preténdese que a experiencia dos visitantes teña un carácter de experiencia densa, para a cal cómpre promover a xeración e implantación de múltiples actividades orientadas a facilitar o contacto dos turistas con múltiples aspectos do patrimonio cultural compostelán.

Igualmente, preténdese que a visita conte con posibilidades de contacto e intercambio cultural coa poboación residente. Neste sentido, outórgase o maior valor ao aloxamento en vivendas de uso turístico na modalidade de aluguer de cuarto, con persoa anfitrioa residente na mesma vivenda ou unha unidade habitacional que facilite a convivencia e a relación próxima e cotiá entre residentes e visitantes.

Os aloxamentos hoteleiros, con empregados en recepción, en comedores e limpeza de cuartos, constitúen a segunda fórmula en prioridade para facilitar a convivencia entre residentes e visitantes. As vivendas de uso turístico sen vinculación próxima, na mesma unidade edificatoria, cos propietarios so serán autorizadas cando estea xustificada a súa conveniencia desde o punto de vista urbanístico e de modelo de usos.

Xunto ao reforzamento do atractivo de Santiago de Compostela de cidade viva, de cidade de encontro entre residentes, peregrinos e visitantes, o modelo pretendido pon o acento na prioridade do patrón de visita á Cidade Histórica baseada na experiencia cultural densa, con participación de actividades interpretativas de diverso tipo, percorridos polo conxunto da Cidade Histórica e os contornos dos ríos Sar e Sarela, con visitas á Cidade da Cultura e outro tipo de actividades culturais e creativas afastadas da visita rápida e superficial.

A relación entre os obxectivos estratéxicos do Plan de Xestión e a política turística queda establecida na seguinte táboa:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	INDICACIÓNS PARA OS INSTRUMENTOS DA POLÍTICA TURÍSTICA
A. Desenvolver o potencial de acollida residencial da Cidade Histórica, e recuperar as actividades comerciais e culturais propias e específicas. A1. Fomentar a habitabilidade como atractivo turístico. A2. Fomentar a actividade comercial de proximidade.	1. Captación de talento profesional residente no Casco Histórico. 2. Creación dun decálogo de orientacións para que as personas visitantes respecten o modo de vida da veciñanza. 3. Implantación dunha Taxa turística por pernoctacións e implantación dun gravame para as persoas excursionistas. 4. Dotación de fibra óptica no Casco Histórico. 5. Optimización do uso dos aparcadoiros con vantaxes para os residentes.
B. Asegurar a conservación do patrimonio histórico-arqueolóxico, nos seus compoñentes e na súa estrutura relacional, nun contorno de funcionalidade contemporánea. B2. Revisión do espazo protexido polos BIC dos Camiños de Santiago. B3. Ordenación do espazo público e rede de zonas verdes baixo o criterio de prioridade ás necesidades das persoas usuarias residentes. B4. Ordenación do uso público do espazo rural e os contornos do Sar e o Sarela.	1. Creación de rutas turísticas en base á posta en valor dos recursos turísticos situados fóra da zona centro. 2. Rede de Localizacións Alternativas: deslocalización de experiencias incorporando espazos dos barrios. 3. Impulso á aplicación do Consorcio que permite percorrer virtualmente a antiga muralla da cidade. 4. Mellora do Camiño e dos seus elementos patrimoniais no Concello de Santiago.

OBJECTIVOS ESTRATÉGICOS	INDICACIONES PARA OS INSTRUMENTOS DA POLÍTICA TURÍSTICA
C. Profundar no coñecemento do patrimonio, comunicar e educar	1. Coordinar os avances no coñecemento dos valores históricos e culturais coas interpretacións para turistas. 2. Retroalimentar as accións de comunicación co apoio á investigación.
D. Reorientar o modelo turístico reforzando a conservación e coñecemento do patrimonio e a relación amigable cos residentes.	1. Promoción conxunta das Cidades Patrimonio. 2. Turismo MICE: potenciación do Santiago de Compostela Bureau a través da creación dunha Mesa de Traballo de Turismo de Reunións. 3. Creación dunha app Peregrino en Compostela. 4. Creación de produtos de carácter cultural e histórico en Santiago. 5. Posta en valor da contorna verde santiaguesa.
E. Profundar no coñecemento do patrimonio, comunicar e educar.	1. Trasladar os coñecementos sobre a historia da cidade de forma atractiva ás persoas visitantes. 2. Elaborar contidos apropiados para a difusión sobre o patrimonio cultural tanxible e intanxible, incluíndo as referencias territoriais. 3. Desenvolver fórmulas participativas para experimentar os contidos culturais.
F. Impulsar o vencello da Cidade Histórica coa innovación e o coñecemento, xunto co apoio ás actividades creativas.	1. Delimitación e exclusión da oferta turística ilegal. 2. Establecemento dunha programación cultural conxunta anual con colaboración público-privada. 3. Desenvolvemento de novas fórmulas de interpretación orientadas á experiencia.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	INDICACIÓNS PARA OS INSTRUMENTOS DA POLÍTICA TURÍSTICA
G. Integrar a Cidade Histórica no seu contexto urbano e comarcal, reforzando a vertebración orgánica cos seus bordos e organizando un esquema de mobilidade adaptada ás condicións específicas da Cidade Histórica.	1. Dotación de máis liñas e paradas de transporte público na coroa do Casco Histórico. 2. Creación e alternativas de mobilidade para as persoas residentes. 3. Potenciación da mobilidade sostible entre as persoas visitantes. 4. Mobilidade eléctrica dos vehículos de servizos no Casco Histórico.
H. Establecer un sistema de gobernanza específico, eficaz, transparente e participativo.	1. Introducir nos espazos de xestión a compatibilidade entre a residencia e o turismo.



VIII. DIRECTRICES E PROGRAMAS DE ACTUACIÓN SOBRE OS CAMPOS DE ACTUACIÓN

Ademais das referencias aos instrumentos de planificación vixentes ou en redacción, a coordinación estratéxica de políticas refírese aos seguintes campos: Habitabilidade; Metabolismo urbano; Rede de telecomunicacións; Enerxía; Mobilidade; Actividades produtivas urbanas; Actividades culturais e creativas; Innovación e coñecemento, Xestión da marca Santiago e Xestión de riscos e continxencias.

Nestes campos cómpre destacar a importancia e prioridade estratéxica en dotar a Cidade Histórica de acceso ás redes de telecomunicación de altas prestacións, tanto para mellorar a

calidade de vida das persoas residentes, como pola súa incidencia na captación de actividades innovadoras e de xeración de coñecemento.

Estas Directrices recollen os paneis de conclusións aprobados na Conferencia Estratéxica que non están xa previstos nos instrumentos de planificación.

As directrices sobre estes campos de actuación son:

HABITABILIDADE

A recuperación da vitalidade residencial na Cidade Histórica apoiarase na mellora da calidade de vida como un argumento básico para atraer novas persoas residentes. Este compoñente de benestar inclúe tanto a habitabilidade de edificios, redes e servizos de todo tipo, públicos e privados, coma as mellores condicións no uso do espazo público.

Con obxecto de recuperar poboación residente o Concello adoptará as medidas necesarias para que as novas persoas residentes permanentes ou estancias de varias semanas ou meses dispoñan de opcións e ofertas accesibles.

Será obxectivo preferente da actuación do Concello e doutras administracións a creación de condicións para manter o nivel de poboación residente actual e recuperar o uso do maior número posible de vivendas existentes para uso permanente ou semipermanente (varias semanas).

Ademais, procurarase habilitar os edificios de aloxamento colectivo que carecen de uso, acondicionándoos para estancias de semanas ou meses relacionadas coa Universidade ou cos centros de innovación.

Deberá reforzarse a dotación de equipamentos e servizos ás persoas residentes, igualando os niveis de prestacións co resto da cidade.

A mellora das condicións de habitabilidade da Cidade Histórica require o apoio e recuperación do comercio tradicional e de proximidade, tanto pola súa contribución ao valor universal excepcional, como pola súa condición de dotación básica. Por isto, estableceranse as condicións de (?) para que as vivendas e locais comerciais gocen de mellores condicións de adaptación funcional ás necesidades actuais.

O contexto dotacional para a habitabilidade complétase cun modelo de uso do espazo público que priorice a función residencial e que resolva a súa compatibilidade con outras funcións básicas da Cidade Histórica. Neste sentido, han de adoptarse medidas para regular e evitar os efectos da saturación no espazo público polo uso da bicicleta e as molestias relacionadas co ruído.

VIVENDA

A vivenda é a plasmación da función residencial básica da Cidade Histórica. Boa parte das medidas deste Plan e da acción pública de moi distintos departamentos de diversas administracións, van destinadas a reforzar o atractivo e a habitabilidade da cidade. Por iso, a prioridade indiscutible debe ser a reocupación das vivendas por parte de residentes permanentes.

O Concello, con apoio doutras institucións coma a Xunta de Galicia ou o Consorcio de Santiago, definirá un programa de adquisición ou obtención de vivenda de propiedade pública para ofrecer aloxamentos en alugueiro en condicións de prezo adecuadas para colectivos con renda insuficiente.

No desenvolvemento deste Plan deberá redactarse un estudo pormenorizado que inclúa as relacións entre os distintos factores que permiten desenvolver plenamente o potencial de acollida: propiedade, empadroamento, uso actual, uso potencial, mercado da compravenda, mercado de alugueiro para uso permanente, mercado de alugueiro para uso temporal de semanas, mercado de alugueiro para uso dun ou varios días, relación coas dotacións básicas, etc.

Este estudo debe proporcionar os criterios básicos para redactar un programa de “Revitalización da Cidade Histórica” que teña como obxectivos:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas residentes actuais.
- b) Captar novas persoas residentes permanentes que ocupen as vivendas que actualmente non teñen uso de vivenda principal.
- c) Favorecer as condicións de convivencia cotiá entre residentes-anfitrións e turistas aloxados en vivendas.
- d) Reforzar as condicións de contexto da habitabilidade das vivendas da Cidade Histórica.
- e) Adopción de medidas para facilitar o acceso ás vivendas da poboación con renda insuficiente.

O programa deberá diferenciar as distintas partes da Cidade Histórica, identificando aquelas zonas onde é posible ou conveniente permitir usos turísticos nas vivendas, en base á súa contribución á vitalidade da cidade.

METABOLISMO URBANO. RELACIÓN CO TERRITORIO

Un dos compoñentes máis destacados do novo modelo de ordenación da Cidade Histórica é a recuperación actualizada da relación entre a cidade e o territorio. Esta relación descansa nos seguintes compoñentes:

- Ciclo integral da auga.
- Vinculación enerxética aos recursos locais.
- Xestión circular dos residuos.
- Uso dos solos fértiles para alimentación.
- Uso público dos vieiros e espazos ligados aos ríos Sar e Sarela e ao medio rural do contorno.

En relación co ciclo da auga preténdese redeseñar o seu funcionamento para recuperar os principios do sistema tradicional, captando a maior cantidade posible de auga e canalizando as augas pluviais e as augas residuais cara a usos relacionados coa utilización dos espazos libres.

En relación coa enerxía, preténdese elaborar un novo modelo enerxético para a Cidade Histórica que atenda as

demandas de benestar das persoas residentes e usuarias. Débense utilizar de forma intelixente as características favorables dos edificios e os seus materiais, para resolver problemas contemporáneos cunha visión de adaptación dos recursos renovables, que son recursos do territorio.

Para deseñar este novo modelo enerxético é preciso mellorar o coñecemento das condicións particulares e específicas dos edificios históricos da Cidade Histórica e desenvolver modelos de adecuación enerxética apropiados e eficientes.

En relación coa conexión co territorio acondicionaranse os accesos ao contorno rural e ás ribeiras dos ríos para fomentar o seu uso recreativo e de interpretación cultural por parte de residentes e visitantes.

REDE DE TELECOMUNICACIÓN

A consideración de Santiago de Compostela como cidade viva afecta a tres dimensións no campo das telecomunicacións:

- a) As persoas residentes deben dispoñer de boas dotacións na conexión a internet.
- b) O obxectivo de potenciar Santiago como cidade da innovación e o coñecemento esixe unha dotación excelente na conexión ás redes de datos.

- c) Os visitantes deben contar cun bo servizo de conexión a internet.
- d) A práctica de actividades culturais e creativas necesita contar con boas dotacións de conexión telemática.

En xeral, pode afirmarse que a pretensión de converter Santiago nun nodo internacional de coñecemento non é posible sen contar cunha rede potente, de alta calidade, e estendida en toda a Cidade Histórica.

ACTIVIDADES PRODUTIVAS URBANAS

O Plan de Xestión considera que o mantemento e potenciación de funcións produtivas urbanas favorece a habitabilidade e enriquece o valor da Cidade Histórica. Por isto, favorecerase un uso diversificado que considere e optimice todas as oportunidades contemporáneas e tradicionais que ofrece este espazo, con criterios de máxima xeración de ingresos e emprego, nun contorno patrimonial singular.

Para favorecer esta diversificación redactarase unha ordenanza que regule o uso e a ocupación do espazo público (en terrazas de hostalería, vendas na rúa, diversos carteis publicitarios, etc.) priorizando o valor único da Cidade

Histórica e a súa identidade sobre outros intereses lexítimos.

Canda as medidas de regulación da convivencia de usos, considérase necesario implantar novas formas de goberno específicas para este campo, que contan con medios técnicos e espazo para a participación.

Xunto coas actividades produtivas urbanas convencionais, a Universidade debe ser considerada como un xerador de actividades económicas e dispoñer de condicións regulatorias e de fomento que apoién este potencial.

MOBILIDADE

O Plan de Xestión considera que é preciso deseñar un novo esquema de mobilidade e accesibilidade, específico para a Cidade Histórica, tanto para o seu espazo libre como para edificios, apropiado para a sensibilidade do contorno do patrimonio e as condicións particulares dos residentes en xeral.

Este novo esquema debe tomar a forma de Plan e comprometer os diversos axentes involucrados para adoptar as medidas necesarias para facer compatible a accesibilidade para residentes con mobilidade reducida e para todo tipo de residentes, a accesibilidade de persoas usuarias ás funcións centrais urbanas e de capitalidade galega, persoas usuarias das

súas actividades culturais e creativas e, ao mesmo tempo establecer unhas condicións de uso do espazo público transitable onde prevaleza o dereito do peón e as condicións de estancia comfortable.

En termos máis concretos hase de ordenar o uso da Praza de Galicia e Virxe da Cerca, despoxándoas da súa carga de tráfico rodado. Ao mesmo tempo hanse de atopar solucións para mellorar e fortalecer significativamente o vínculo entre a Cidade Histórica e Santiago e a súa área de influencia, incluído o uso da bicicleta vencellada a usos económicos e recreativos (distribución e peregrinación).

SANTIAGO FINAL E PRINCIPIO DO CAMIÑO

O Camiño é un fenómeno mundial de gran repercusión e con numerosas e valiosas connotacións. Santiago de Compostela e o Camiño (os diferentes camiños) forman unha simbiose cun peso cultural e social extraordinario, universal e excepcional. A congruencia entre ambos establécese a través dos percorridos concretos e os seus respectivos ámbitos recoñecidos como Patrimonio da Humanidade, no gran repositorio de patrimonio histórico intanxible que conteñen, no plano

simbólico e no plano social-relacional, ademais do capital experiencial e espiritual que supón para centos de milleiros de persoas en todo o mundo, que tiveron a oportunidade de establecer relacións multiculturais moi valiosas, ademais da súa propia experiencia persoal.

“Facer o Camiño” representa en termos globais un tránsito, unha introspección que culmina na chegada a Santiago de

Compostela, pero que ao tempo abre un novo período de integrante dunha comunidade universal informal de peregrinos.

Tanto ás necesidades urbanísticas e patrimoniais, como ás grandes posibilidades de integración multicultural dos peregrinos, debe darse resposta mediante unha acción concertada entre distintos axentes públicos e privados que poña en valor este inmenso potencial e o materialice ao tempo en melloras substanciais nas condicións físicas de ordenación dos accesos a Santiago.

Neste sentido de Santiago Final e Principio do Camiño deben ser estudadas as oportunidades de impulso ás iniciativas de vinculación virtual de peregrinos e de fomento do “Camiño de regreso”, tanto como proceso simbólico como polo fomento do percorrido físico do Camiño en sentido inverso.

COÑECER, COMUNICAR E DIFUNDIR O PATRIMONIO

A condición de Santiago de Compostela como Patrimonio da Humanidade fai explícita os valores universais excepcionais que posúe a Cidade Histórica. O mellor coñecemento destes valores é un dos compromisos adquiridos con este recoñecemento. Isto implica, que se ha de facilitar e promover a investigación sobre o patrimonio material e inmaterial, tanto na súa dimensión urbana como na súa dimensión rural e de inserción no territorio.

Ademais, cómpre interpretar o patrimonio histórico-arqueolóxico, nos seus compoñentes e na súa estrutura relacional e promover a comunicación do coñecemento patrimonial coa comunidade

residente, cos visitantes e coa poboación en xeral e desenvolver un programa orientado ao ámbito educativo local e universal.

ACTIVIDADES CREATIVAS E CULTURAIS

Santiago de Compostela é un gran foco xerador, produtor e difusor de cultura en todas as súas vertentes” é parte da visión e obxectivos do plan.

Neste marco, débese propiciar un amplo coñecemento da cidade (patrimonio material e inmaterial do Camiño integrado coa historia da cidade, e os seus elementos perceptivos e vivenciais), achegalo aos seus habitantes (currículo escolar, asociacionismo veciñal...) e amosalo aos visitantes.

As políticas proactivas das diversas administracións e entidades privadas deben colaborar para apoiar a actividade de artistas e persoas creadoras atraendo talento e habilitando espazos colaborativos de carácter transversal onde se desenvolvan este tipo de actividades (como poden ser os de edificios en desuso e os claustros da cidade) fomentando as condicións de interacción entre elas.

Santiago é un referente mundial para a peregrinación e é unha cidade cunha potente dimensión espiritual con proxección mundial. Este feito, esixe que se adopten medidas idóneas para

responder ás necesidades que tal condición comporta. Neste sentido, hase de mellorar a acollida ao peregrino e a atención a toda a comunidade de peregrinos mundial nos seus propios países de residencia. Cómpre mellorar a adecuación da cidade ao completo, especialmente o casco histórico, como lugar de acollida á comunidade de peregrinos.

En relación coas medidas de regulación considérase necesario revisar a normativa para favorecer a práctica de actividades culturais e permitir a instalación de obradoiros para artesáns/artesás e oficios, deseñadores/as e *makers*. Ao mesmo tempo, contéplase a necesidade de habilitar unha nova forma de intervención sobre o “espazo cultural de proximidade” que sexa obxecto de medidas de apoio ás melloras de infraestrutura, rehabilitación e modernización tecnolóxica e á realización de actividades.

INNOVACION E COÑECEMENTO

O principal argumento para a atracción de novas persoas residentes á Cidade Histórica vai descansar na promoción de Santiago de Compostela como gran nodo universal de coñecemento e innovación. Santiago conta co extraordinario valor da

súa marca territorial e tamén con diversos centros de investigación e innovación públicos e privados que poden servir de primeiro chanzo para un proxecto de escala internacional. A estes factores de partida cómpre engadirille un

reforzamento significativo das conexións telemáticas, o impulso á presenza en redes internacionais e, especialmente, a consolidación dun pacto entre moi diversos axentes públicos e privados para lograr Santiago nodo innovador.

Unha das premisas deste empeño é potenciar unha nova relación entre a Universidade e a Cidade Histórica, mutuamente beneficiosa para ambas, nun contexto de interacción mutua, con distintos axentes do coñecemento que impriman unha dinámica innovadora que aspire aos maiores niveis de calidade. Crear un espazo de relación institucional permanente: **Univercidade**.

O novo concepto de Cidade Histórica innovadora que se propugna debe apoiarse nun “**Sistema Urbano de Innovación de Santiago de Compostela**” (SUISC) que incorpore distintos axentes do coñecemento, públicos e privados, onde se recoñezan un forte peso as relacións entre as partes (ecosistema), así como con outros sistemas de innovación internacionais. Entre estes axentes recoñécense nun primeiro momento: universidade e os seus institutos de innovación, os centros de investigación singulares, ensinanzas artísticas, gastronomía...

Neste sentido, cómpre aplicar á Cidade Histórica a integración entre os principios do coñecemento tradicional e as mellores tecnoloxías contemporáneas dispoñibles para que Santiago de Compostela se converta en referente dunha cidade ben axustada ao seu territorio e descarbonizada, cunha relación equilibrada co seu medio natural e social,

altamente innovadora na relación das persoas coa saúde e cos espazos habitables públicos e privados.

As liñas de traballo, inicialmente identificadas para concentrar esforzos en promover ámbitos de innovación e desenvolvemento de actividade económica de especial interese como:

- ✓ saúde e biotecnoloxía.
- ✓ medio ambiente.
- ✓ humanidades e cultura.
- ✓ construción sostible e habitabilidade.

A identidade básica do SUISC conecta coa aspiración da humanidade a xerar novos contornos saudables, sostibles e equitativas, para o cal requírese mobilizar un alto nivel de innovación apoiado nas tecnoloxías máis avanzadas (TIC, materias, saúde, biotecnoloxía), na historia como fonte de coñecemento e nunha nova relación contemporánea entre a cidade e os ciclos naturais do territorio.

En termos instrumentais, preténdese fomentar a realización de proxectos exemplares que desenvolvan a condición innovadora e pioneira en Santiago de Compostela (SUISC). As liñas de innovación seleccionadas para o modelo de cidade deben estar sometidas a un alto nivel de esixencia nas distintas accións que se poñan en marcha.

Neste empeño, outorgarase prioridade na acción pública e na sociedade civil a medidas orientadas á retención e captación de talento.

Este proxecto de cidade da innovación require da adecuación de contornos físicos e organizativos que faciliten a plasmación de creatividade innovadora entre persoas emprendedoras, tecnólogos, creativas e distintos axentes de coñecemento e as súas aplicacións.

O proxecto SUISC debe ir acompañado dun espazo-foro concreto onde se explicita a complexa rede de iteracións existentes ou posibles.

XESTIÓN DA MARCA SANTIAGO

Plan de comunicación que teña en conta a transcendencia do fenómeno das peregrinacións a nivel mundial.

Reforzamento do contido innovador da marca e de xestión do coñecemento.

Vinculación de Santiago de Compostela cos referentes simbólicos do seu

contorno: Sar, Sarela, Pico Sacro, Fisterra,...

Fortalecer atributos da marca Santiago, integrando o coñecemento tradicional con novos atributos que incrementen o seu valor a partir da aplicación de coñecemento innovador e excelencia científica.

XESTIÓN DE RISCOS E CONTINXENCIAS

Identificación dos criterios que deben ser tomados en consideración para a redacción do plan de riscos e continxencias. Especial importancia teñen esta cidade os riscos para o patrimonio e para as persoas derivados da masificación.

Determinación dos riscos para a conservación do patrimonio derivados do cambio das condicións físico-químicas do contorno como consecuencia do **cambio climático** e determinación das medidas que deben ser adoptadas con carácter preventivo ou cautelar.

